

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2023/12	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	31 de agosto de 2023
Duración	Desde as 20:36 ata as 23:40 horas
Lugar	Salón de Plenos
Presidida por	María Dolores Castiñeira Alén
Secretaria	Berta Alonso Soto

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apellidos	Asiste
***1448**	Alejandro Rodríguez Canosa	SÍ
***7680**	Ana Cristina Pérez Cabaleiro	SÍ
***6142**	Joaquín Núñez Troncoso	SÍ
***89888**	José Luis Fernández Pérez	SÍ
***6711**	Manuel González Rodríguez	SÍ
***7807**	Marcos Troncoso Estévez	SÍ
***0936**	María Dolores Castiñeira Alén	SÍ
***1083**	Salustiano Guerra García	SÍ
***0678**	Santiago Rodríguez Davila	SÍ
***7850**	Selene González Luis	SÍ
***0126**	Vanessa Rocha Núñez	NON



***6851**	Verónica Tourón Domínguez	SÍ
***6473**	Ángela Ledo Souto	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, a presidenta abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior

Acta Pleno extraordinario núm. 2023/9 do 22 de xuño de 2023.

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adiante), a Presidenta pregunta se algún membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 2023/9, extraordinaria do 22 de xuño enviada a todos os membros da Corporación de acordo co art. 113.1.b) ROF.

VOTACIÓN: Non existindo máis observacións á acta, pola Sra. Alcaldesa sométese a votación a aprobación da acta da sesión nº 2023/9, extraordinaria do 22 de xuño; sendo aprobada por DEZ votos a FAVOR dos Sres/as. Rodríguez Canosa, Núñez Troncoso, Fernández Pérez, González Rodríguez, Castiñeira Alén, Guerra García, Rodríguez Davila, González Luis, Tourón Domínguez e Ledo Souto e DÚAS abstención da Sra./Sr. Pérez Cabaleiro e Troncoso Estévez por non asistir á sesión.

Expediente 754/2023. Aprobación da Conta Xeral correspondente ao exercicio económico 2022.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 6, En contra: 5, Abstencións: 1, Ausentes: 0

Sr. Rodríguez Canosa: Traemos a aprobación da Conta Xeral do exercicio 2022, como xa se dixo moitas veces aquí e sabedes moitas das persoas que estades neste pleno, a Conta Xeral é un documento sobradamente técnico, nin se poden facer aportacións nin traballar sobre el, son datos obxectivos que non permiten modificacións, digamos que si o orzamento é previsión que se fai de gastos e ingresos para un exercicio anual. A Conta Xeral ven a ser o resultado de como se executou ese orzamento, precisamente por ese tema a Conta Xeral ten un procedemento de aprobación un



tanto distinto ao resto de expedientes, neste caso primeiro pasa por Comisión Informativa, logo publícase no Boletín Oficial da Provincia e logo tráese a este pleno para a súa aprobación definitiva. Neste caso pasou pola Comisión informativa o 12 de xuño de 2023 e publicouse no Boletín Oficial da Provincia o 29 de xuño de 2023.

A Conta Xeral é un expediente extenso, posiblemente na área económica o máis extenso, nel podemos atopar diferentes informes coma o informe de cumprimento das regras fiscais, da regra de gasto, da estabilidade orzamentaria, liquidación de gastos, liquidación de ingresos, acta de arqueo, os reparos de intervención de todo o ano, a propia Conta e o informe da Conta. Son moitos documentos extensos polo que neste senso agradecer e felicitar ao departamentos de intervención e tesourería polo traballo de recopilación de datos que este expediente require para que un ano máis, e xa van cinco, poidamos presentar a Conta Xeral dentro do prazo exixido por la lei e ademais como ben sabedes é unha das condicións que se pon moitas veces como condición para concorrer a subvencións públicas como as da Xunta de Galicia.

Respecto dos datos que inclúe esta Conta Xeral e que veñen a resumir o que foi o exercicio 2022 xa que son datos a 31 de decembro de 2022, podemos resaltar que se incumpre a estabilidade orzamentaria cunha necesidade de financiamento 752.656,54€ no que respecta a sustentabilidade financeira, a débeda viva do Concello alcanza os 582.421,08€ o importe total das obrigas recoñecidas durante o exercicio 2022 acada unha cifra de 7.765.168,19€ isto supón un grado de execución sobre os créditos definitivos do 79,96%, en canto aos ingresos o grado de execución de pago respecto das obrigas recoñecidas é do 95,10%, o resultado orzamentario do exercicio 2022 é de -205.107,93% e o remanente de tesourería é de 525.670,56 €. Unha vez descontados do remanente de tesourería os dereitos pendentes de cobro de difícil ou imposible aplicación así como o exceso de financiamento afectado se obtén un resultado de -78.664,68€. Polo que respecta as regras fiscais cabe lembrar que este ano estes parámetros serán so a nivel informativo xa que as regras fiscais así como as consecuencias do seu incumprimento están suspendidas para os anos 2020 a 2023, esta é unha decisión da que nos alegamos como xa dixemos no seu día, non polo contexto que se tomou xa que naceu pola COVID, senón porque creemos que estas medidas son sumamente inxustas para os Concellos non permitíndonos xestionar os nosos recursos segundo as nosas necesidades, estas medidas o que fan é exercer unha presión fiscal económica do Estado sobre o eslabón máis baixo da cadea, neste caso somos as administracións locais en definitiva somos a administración que está máis cerca da veciñanza e a que por imposición ou coa intención de facilitar as cousas os administrados acabamos asumindo competencias que non nos corresponden e para as que non se nos da financiación. Como dixen trátase dun documento técnico, un resumo do ano 2022 e que ao final ven a reflectir eses datos a 31 de decembro de 2022.

Sr. Núñez Troncoso: Efectivamente como ben dicía o Concelleiro de área é un documento técnico, un documento técnico que vimos dicindo ano tras ano que recolle a xestión económica do Concello e dende logo a xestión económica boa non é, creo que o temos claro todos. Quería felicitar tanto ao departamento de tesourería



como ao departamento de intervención polo traballo feito na elaboración deste documento técnico a pesares, como ben recollen os propios informes de intervención, a falta de persoal e de medios para poder facer este traballo. Unha cousa é o documento técnico, o que é a Conta, e outra cousa é a xestión orzamentaria do propio orzamento, nefasta por non dicir outro adxectivo. Os datos así o reflexan, datos que a día de hoxe non sabemos si son de todos correctos e me remito ao informe de intervención e leo textual: *“sinalar que o programa de contabilidade non funciona adecuadamente e non fusiona os datos da contabilidade anual adecuadamente para a presentación destas contas anuais, de xeito que non se pode garantir que a información subministrada estee correcta”*. Sigo lendo, *“isto tamén se debe a falta de persoal no departamento de intervención e por extensión tesourería que levamos reiterado ano tras ano cada vez que se trae a Conta”*. Aínda collendo estes datos con cautela, partíamos dun orzamento inicial de 5.461.000€ e estes 5.461.000€ se lle aplicou un recoñecemento extraxudicial por 1.407.000€, ou sexa facturas que o anterior goberno deixou sen pagar do exercicio 2021 un 26% xa menos, si lemos o informe da interventora municipal a nota que lle pon a xestión económica 2020-22, formado por Movemento Salceda e PSOE, eu diría que é un cero negativo elevado ao infinito. Douvos motivos, algúns xa os acaba de recoñecer o propio Concelleiro de área, os incumprimentos desta Conta, incumprimentos da Lei de Contratos, fraccionamento dos contratos. Lle lembro ao PSOE, a Verónica Tourón, Angela Ledo e Salustiano Guerra que este é un dos acordos que vostedes firmaron non fai moitos días, ese é papel mollado dende o primeiro día que o firmaron e a día de hoxe segue habendo fraccionamento de contratos. O incumprimento do principio de prelación de pagos, tamén o recolle a interventora municipal, hai empresas particulares que cobran uns antes que outros, porqué? Cada un que quite a súa propia lectura. A conta 413, ven sendo a conta que recolle os pagos que se deixaron de facer do ano 2022, que se elevan a 2.472.000€ de facturas do 2022 que non se puideron pagar porque non había cartos.

Temos unha Conta que é reiterada ano tras ano o saldo de dubidoso cobro 438.000€ e así levamos ano tras ano, vostedes saben o que significa isto? ven a significar que uns veciños pagan impostos outros non, a uns se lle reclama vía executiva e ao mellora a outros non, onde está a xustiza fiscal que a veces vostedes tanto alardean dela, practíquena e minoren esta conta. A recadación de impostos e taxas, no 2022 hai unha recadación neta de 5.349.000€, no 2021 ascendeu a 6.643.000€, no 2022 seguiu aumentando e pasou a 7.535.000€ ou sexa hai un incremento do 2021 para o 2022 de 892.000€ un 13,5% a maiores, xa sabemos de onde sae, de esquilmar aos veciños vía catastrazo, onde está esa diferenza? Gustaríanos saber a onde foron eses cartos, a mellorar os servizos non, creo que iso o temos todos claro, as parroquias máis abandonadas que antes si, polo tanto aí non foron tampouco entón xa nos dirán a onde foron eses cartos. Agora iso si, vídeos propagandísticos aí non hai fallo 18.000€ ano tras ano, a 1.512€ mensuais aí non hai redución ningunha, parte desta recadación do IBI marchou para vídeos propagandísticos, publicidade, propaganda, gastos protocolarios 78.500€, esta é a cifra menor porque como xa diremos nos seguintes puntos pasouse con creces desta cantidade.



Este documento ao final no resume nos ven a dicir que a 31 de decembro de 2022 o Concello debe ou debía 3.641.155,43€ o Goberno non se lle ocorreu mellor cousa “*Salceda apura a sus provedores para no deixar pendiente de pago ninguna factura. Pereira se despide de Hacienda pagando su deuda*”. Os provedores efectivamente cobraron o 22 de maio pero a débeda a temos todos encima ata o ano 35 ou unha media de 300.000€ que temos que abonar todos os anos para facerlle fronte a este préstamo, facemos unha nota de prensa dando a entender que está saneado o Concello, saneado? Xa vemos, cando se empece a pagar o préstamos xa veremos ou cando votedes vaian a incrementar o IBI para o ano outro 25%. Nós non vamos a aprobar este documento, xa expuxemos os motivos polos cales non a vamos a aprobar, o noso voto vai ser en contra.

Sra. Tourón Domínguez: Felicitar aos departamentos de intervención e tesourería pola labor feita. Quero recordarlle ao PP que ese acordo que vostede di que é papel mollado foi firmado en xuño e estamos falando dun documento que reflexa a actividade económica do ano 2022, non de xuño de 2023. Dicir ademais que efectivamente as facturas quedaron pagadas o 22 de maio, nos dicía pleno tras pleno que había que poñerlle solución, se asignou un plan de axuste para poñerlle solución e espero que a partir de agora iso nos leve a ter unha situación mellor.

En canto ao que traemos hoxe aquí, é un documento técnico, tráese a pleno a aprobación definitiva da Conta Xeral do ano 2022, unha Conta que xa pasara un Comisión informativa inicial o 12 de xuño cos datos, que como dicían os compañeiros, que reflexaba tanto a situación económica-financeira como a patrimonial de ese ano 2022, pasou, como dicía, a Comisión informativa o 12 de xuño estivo exposta ao público o tempo necesario sen recibir ningún tipo de alegacións polo tanto sen haber alegacións non hai moito máis que dicir a esa conta. Recordar que é un documento técnico que recolle a situación económica como dicía antes, que ten que ser enviado antes do 1 de outubro e como dicía o portavoz de Movemento Salceda, dese envío tamén dependen moitas subvencións e outras cuestións do Concello, reflexa a situación financeira é un documento que si se pode debater o que reflexa pero non se pode modificar, é un documento técnico que non vai máis alá non é coma un orzamento que se pode modificar, debater ou chegar a acordos senón que a Conta xeral é un reflexo da situación económica, é verdade que ten un remanente negativo de 78.644€ o que significa que o seguinte orzamento ten que levar polo menos ese superávit, o voto do PSOE ao igual que o foi na Comisión informativa dese 12 de xuño vai a ser favorable.

Sr. Guerra García: Nós imos a abstermos nesta cuestión na medida que corresponde a un período onde o BNG non estaba presente, máis non queremos deixar de pasar a ocasión para facer algunha referencia ao recente informe que é o Consello de Contas de Galicia fai a respecto dos Concellos de Galicia e neste caso nomeadamente o que nos atinxe ao Concello de Salceda de Caselas. Este informe analiza o exercicio 2021 di na súa páxina 117: o resultado orzamentario agregado dos Concellos deste tramo (de 5001 a 10000 habitantes) foi de 32.000.000€ presentando todos eles un resultado



positivo agás nove de eles, entre os que non tiñan un resultado positivo está o Concello de Salceda de Caselas. Na seguinte páxina 120 fala de evolucións de magnitude orzamentarias di: todos os Concellos de este tramo de poboación excepto os Concello de, hai unha referencia de Concellos e inclúe a Salceda, presentan aforro bruto positivo, quere dicir que o caso de Salceda de Caselas non está nesa posición e máis serio ou contundente que di este informe, di: dous concellos Camariñas e Salceda de Caselas presentan tanto un aforro neto negativo como un remanente de tesourería axustado negativo estas entidades deben adoptar medidas para garantir a sustentabilidade dos seus gastos correntes sen necesidade de acudir a mecanismos excepcionais de financiamento. Está dicindo o informe de Contas que este Concello non é capaz de cubrir os seus gastos ordinarios, dicimos isto porque supoñemos que o Concelleiro delegado de Facenda e a Sra. Alcadesa terán cousas que dicir no futuro ao respecto desta situación, non é unha forma de parte é un informe do Consello de Contas de Galicia deixa claras certas cousas e isto indudablemente necesita pararse a velo con calma.

Sr. Rodríguez Canosa: Sr. Joaquín tes sempre o mesmo argumentario para a Conta Xeral, o mesmo argumentario para o REC, o mesmo argumentario para o Orzamento ao final tes o mesmo argumentario para calquera tema económico. Tres millóns seiscentos e pico mil euros de débeda? De onde sae esa mentira, unha mentira dita mil veces parece que se convirte en realidade, dáme os datos reais, busca no informe de intervención onde se diga que Salceda ten unha débeda de 3.600.000€ búscalo, pero non podes ir por aí soltando mentiras, soltando barbaridades e ao final quedar impune, non pode ser. Estamos aquí estamos para falar con seriedade, nese sentido agradezo ao compañeiro Salustiano do Grupo Mixto, el colleu un informe do Consello de Contas que está asinado polo Consello de Contas e dinos algo que está nun informe externo, así si, o que non podes vir aquí dicindo barbaridades que non tes razón e pensas que van a quedar aí, vamos a dicir mentiras, seguir dicindo mentiras porque ao final non temos responsabilidade ningunha na oposición vamos a seguir mentiras. Primeiro felicita ao departamento e despois dubidas do departamento de que a Conta Xeral estea ben feita, é curioso, no pouco tempo que levo como Concelleiro de Facenda confío plenamente nas persoas que traballan nos departamentos de intervención e tesouraría e estou seguro de que temos unhas excelentes profesionais neses dous departamentos tanto no de intervención como no de tesourería en non teño ningunha dubida do seu traballo, paréceme un pouco raro que poña vostede en dúbida ese traballo. Di que se gastou moito diñeiro, non, non se gastou, investiuse e investiuse en moitas obras necesarias para a veciñanza de Salceda e a veciñanza de Salceda sabe que obras son, de sobra e moitas de esas obras son rogos que o PP trae a este pleno para que se fagan. Vostedes traen os rogos e nós cumprimos e executamos eses rogos como por exemplo a estrada de Outeiriño que tanta veces vostedes nos recalca que había que arranxar na parroquia de Soutelo. Outro dos gastos e investimentos que non lle gustan ao PP, publicidade e propaganda claro dito así publicidade e propaganda queda moi de propaganda moi de réxime ditatorial, vostede sabe de sobra que as axudas aos deportistas están incluída nesta partida, estame dicindo que está en contra de que lle demos axudas



aos deportistas de Salceda que nos representan profesionalmente polo mundo adiante? O PP de Salceda está en contra de que lle damos axudas aos deportistas de Salceda, as axudas aos deportistas están nesa partida orzamentaria esa é a realidade o que vostedes din son suposición e mentiras. A conta 413 que tamén sona moi técnica, a conta 413 está depurada no plan de axuste e no plan de pago a provedores e tamén está en contra de iso? Primeiro ben a dicir que a 413 está desmesurada e como veremos a continuación, a conta 413 xa está depurada, tamén lle parece mal iso? A vostede evidentemente todo lle parece mal, e con respecto ao seu voto evidentemente non esperaba máis de vos non esperaba un exercicio de responsabilidade vindo o PP de Salceda, a responsabilidade sería en tal caso, é felicitado ao compañeiro do Grupo Mixto, absterse agora que gañan votando en contra? Igual o que están buscando é que o Concello de Salceda non poida aprobar a Conta Xeral e non poida concorrer ás subvencións da Xunta de Galicia, iso é o que queren para os veciños e veciñas de Salceda, non poder optar a subvención da Xunta de Galicia? É curioso como defenden a veciñanza.

Sr. Núñez Troncoso: Sr. Alejandro si vostede pode probar documentalmente que estou mentindo neste pleno lle aseguro que mañá mesmo presento a miña renuncia, faría vostede o mesmo? Pídlle que mida as palabras cando fala. Di que dubido do departamento de intervención, quen dixo iso? Estiven lendo un párrafo do informe de intervención, estou felicitando ao departamento de intervención e tesourería na elaboración da Conta pero outra cousa é a xestión económica que iso é vostede non é de intervención nin de tesourería, non manipule as cousas e non pretenda dicir cousas que ninguén dixo. Investir en obras si pero a base de que, de ocorrencias? Porque iso no orzamento non está recollido ou vostede non se da conta que o orzamento que aprobaron do 2022 non hai unha partida para obra nova de inversión? O que está feito, como a maioría dos casos, como esa da estrada do Outeiriño unha subvención da Xunta de Galicia creo que foron 50.000€ aproximadamente e 10.000€ que puxo o Concello, máis ou menos, pero investimento propio non había partida consignada, así no próximo expediente no punto catro hai o crédito extraordinario para meter as partidas de inversións que vostedes non contemplaron no orzamento.

Dicía vostede que nós non queríamos axudarlle aos deportistas pero quen dixo iso? Saiu da miña boca que non lle queríamos darlle axudas aos deportistas? Nunca este grupo se negou a dar axudas a deportistas é máis, as que teñen incluso algúns son ínfimas. Este grupo fai anos trouxo unha moción para elaborar unha ordenanza de axudas a deportistas e vostedes a rexeitaron, ou sexa que di vostede que nós estamos en contra de darlle axudas a deportistas pero de onde quitou iso? Esta conta ten que habela sempre o dixemos, pero unha cousa é ter un gasto razoable e sensato e outra a auténtica barbaridade que direi máis adiante, e aí claro que están as axudas a deportistas que nós estamos a favor diso pero vostede traía unha conta onde se contemple as axudas a deportivas e nós lla vamos a aprobar.

Fala da conta 413 que xa está pagada, claro que está pagada ou liquidada, entre comillas porque hai que devolvelo en 10 anos ata o ano 2035, está pagada ao 22 de



maio pero aquí estamos falando dun documento a 31 de decembro de 2022 polo tanto a 31 de decembro de 2022 iso non estaba liquidado, e non estou mentindo, agora me dirá que está liquidado, si agora en maio pero non o 31 de decembro de 2022 que é o que estamos falando aquí. Vostede sabe canto suman os dous recoñecementos extraxudiciais, ou sexa as facturas que deixaron sen pagar do ano 2022? 2.471.000€ iso non se debe? Cantas facturas están recoñecidas e sen pagar a 31 de decembro 2022, 580.000€ iso non se debe? Debe ser que para vostede non se debe, si saca unha nota de prensa como acaba dicir antes haberá xente que entenda que non se debe pero se debe a 31 de decembro.

Sra. Verónica o do papel mollado, vostede sabe agora mesmo como sei eu que se seguen fraccionando os contratos e xa non digamos as adxudicacións o sabe perfectamente como o sei eu, por unha vez recoñeceu que este documento reflexa a situación financeira do Concello, reflexa e di como se xestionou o orzamento do Concello iso non quita que sexa un documento técnico pero reflexa o desenvolvemento do orzamento, como se xestionou o orzamento durante o exercicio 2022. Sr. Salustiano Guerra creo que xa nos coñecemos e a verdade e que teño bo concepto de vostede pero ultimamente me está fallando moito, é certo o que dixo do informe do Consello de Contas, iso o levamos dicindo fai anos, vostede acaba de dicir o do 2021 pois imaxínese o do 2022 e as medidas creo que xa as sabemos todos, aprobaron o plan de axuste que ten que vir a pleno para modificar as ordenanzas vamos a ver como se decanta vostede con esas medidas, as modificacións da ordenanzas para o plan de axuste dende longo que non van a ser para minoralas.

Sra. Tourón Domínguez: O do papel mollado o dixo vostede, eu simplemente lle respondín ao que vostede dicía, o que efectivamente acaba vostede de confirmar agoraque recalca que esta información é do 2022 e aí nada se estaba referindo a un documento de xuño de este ano. En canto a que é un documento que reflexa a situación económica financeira e patrimonial creo que o deberíamos saber todos e ademais sempre defendín da mesma maneira a Conta Xeral, sempre o dixeron o mesmo, a Conta Xeral é un documento técnico que pode ter o debate que queiramos que teña pero non se pode modificar e que reflexa esa situación e defendino na mesma maneira estando na oposición que estando no goberno e senón pode ir a ver a ler as actas das Contas Xerais doutros anos e poderá comprobalo. Igual defendín o que dixo o compañeiro Álex fai un momento, que vostedes defenden a Conta Xeral da mesma maneira que defenden un orzamento, da mesma maneira que defenden un recoñecemento extraxudicial de crédito, etc... para vostedes a parte económica sempre ten a mesma argumentación.

Non sei que quería o PP, o PP quería que se depurase a conta 413, é verdade que o PP pedía que se arranxase a situación dos provedores e é certo, fíxose un plan de axuste para arranxar esa situación, un plan de axuste que se firmou e que se pagou o 22 de maio, co cal é verdade que nos estamos referindo a datos do ano 2022 e que parte de esas cousas están arranxadas ou deberían estalo co plan e axuste, por iso se decidiu acollerse a ese plan de axuste, diminución de gastos, depuración da conta 413, poder pagar aos provedores, etc... despois xa fala do recoñecemento



extraxudicial de crédito, si no 2022 non estaba pagado, creo que é decorar o seu argumento porque todos sabemos iso, si esas son facturas que ían ao plan de axuste saberemos que non estaban pagadas a 31 de decembro de 2022 e por algo fomos a ese plan de axuste.

Sr. Guerra García: Sr. Núñez Troncoso, a verdade que vaia perdendo a confianza e estima que tiña de min sen saber aínda o que pode pasar no futuro, parece que ten moita ansia en ver que decisión imos tomar cando cheguen aquí, seguramente, algunhas medidas que todos nos cheiramos, xa nalgún pleno o Sr. Rodríguez Davila falou do mesmo, estamos falando da Conta do 2022 e a nós nos gustaría dar un dato máis e é o Ministerio de Facenda recolle un informe do que é efectivamente a conta 413, que son as obrigas pendentes de aplicar ao orzamento no último día de referencia, neste caso o 31-12-2022 e o Concello de Salceda de Caselas tiña 2.278.151,71€, iso figura nos datos oficiais do Ministerio de Facenda, si hai algunha dúbida nas cifras é cuestión de entrar e supoñemos que o Ministerio non está coas cifras equivocadas e a partir de aí nos vamos a reiterar o que dixemos antes, necesitamos por coto a esta situación.

Sr. Rodríguez Canosa: Non se pode vir a esta sesión plenaria e soltar mentiras, claro que non Joaquín, e non funciona así como di vostede, que eu lle teña que rebatirille a mentira é oa revés, o que di unha mentira ten que mostrar probas para defendela non vale dicir calquera cousa, as probas demóstranse cando se di algo e non ao revés. En canto ao de publicidade e propaganda máis do mesmo, aí están recollidos eses gastos e si vostedes están en contra dígamo, ou senón diga vostede cal considera o PP que é o gasto responsable nesa conta. Si vostedes foran goberno cal seria o gasto responsable na aplicación orzamentaria de publicidade e propaganda, por exemplo? Alégrome do que dixo, polo que deu a entender supoño que cando traíamos o vindeiro orzamento para aprobación a este pleno si traemos proxecto de investimento teremos o voto a favor do PP. Tamén unha puntualización que dixo que traeremos o plan de axuste, non, quero deixarlle claro e lembrarlle que o plan de axuste xa foi aprobado por maioría absoluta deste pleno o 10 de marzo de 2023. Unha puntualización para o compañeiro do grupo mixto, Salustiano, eles non estaban na corporación no ano 2022 pero sabe que o ofrecemento estivo e está para ocupar sen ningún problema o posto de Concelleiro de Facenda e arranxar as cousas como se teñen que arranxar que é dende dentro.

Sr. Núñez Troncoso: Nos non dixemos que había que traer o plan de axuste de novo, o plan de axuste o aprobaron vostedes neste pleno o que hai que incorporar a ese plan de axuste as ordenanzas fiscais, as ordenanzas fiscais teñen que vir a pleno ou non? Vostede non sabe que teñen que vir a pleno as ordenanzas fiscais, senón como aplica o plan de axuste?

Sr. Salustiano non é que perda a confianza pero algúns datos vanse recollendo, algúns datos que a min me gustaría que foran doutra forma, é certo. Efectivamente a conta 413 si vostede fala coa interventora municipal do importe total, aí leva unha redución dun 8-10%, máis ou menos, que quedan neses 2.472.000€ que é o do



recoñecemento, no informe de intervención pon máis ou menos 200.000€ menos que se refire a esa redución. Verónica, a conta, lémbrolle que a 31 de decembro estaba vostede de Alcaldesa, vostede tamén terá parte que ver nesta conta e non me dirá vostede que esta é unha conta para votar cohetes, senón a que ven que pedíramos o préstamo, que por certo aínda non sabemos a data de hoxe canto é a ver si no seguinte punto nolo aclaran. Co do papel mollado me estaba referindo a partir do momento en que o firmaron, a partir do momento en que o firmaron xa é mollado non me refiro ao 22, porque vostede sabe e lle volvo a repetir, que se seguen fraccionando os contratos amén das adxudicacións. O plan de axuste que vostedes aprobaron e que estaba vostede de Alcaldesa, parece que o plan de axuste o salvamos todo, é certo que os provedores cobraron, que nós nunca nos negamos a pagarlle aos provedores, outra cousa é como contrataron esas obras, etc...sen ningún tipo de presuposto, sen ningún tipo de control e non o dicimos nós o di o informe da interventora municipal, pero ese plan de axuste a cargo de quen? de todos os veciños, entre outras pagaremos para o ano un 25 % máis do IBI entre outras medidas que iran sabendo, me imaxino que o goberno irá traendo a este pleno, pero polo de pronto un 25% máis de IBI que vamos a pagar para o ano que ven .

Sr. Tourón Domínguez: Volvo a repetir as miñas palabras, o plan de axuste se firmou entre outras cousas para solventar esta situación a partir desa firma dese plan de axuste hai que reducir gastos, iso está claro ven no plan de axuste, non serei responsable eu tamén do que pasa a posteriori digo eu. Volvo a repetir son datos do 2022 que por iso se fixo o plan de axuste, entre outras cousas, dunha situación que se viña arrastrando no Concello de máis de unha lexislatura, iso sabelo todos e todas que estamos aquí. O importe da conta 413 está no informe de intervención que é tal como dicía o compañeiro do BNG 2.278.151,71€ a día 31 de decembro non a día de asinar o plan de axuste e de pagar a provedores.

Sra. Alcaldesa: Sr. Joaquín non deu nin un so dato, todas as cifras foron xenéricas e non aportou nin un so documento, falou tres veces de unha ilegalidade como é a de fraccionamentos de contratos, eu quero que diga cales son, non vale soltar xeneralidades e sementar a dúbida na veciñanza. Falou tamén de que se salta a prelación na orde do pago das facturas, cando se din esas cousas hai que por documentos e datos sobre a mesa porque como Presidenta deste pleno no vou aturar nin permitir que se solten mentiras sen rebatilas e despois fala de acusacións xenéricas de novo. Isto sabemos que é así pleno tras pleno, pero é curioso cando fala de gastos protocolarios nesa partida, o que tedes que saber veciños, e que ademais de subvencións e axudas a futbolistas van convenios coa prensa, van axudas a eventos de deportistas non solo a clubs senón a deportistas concretos, formulo esta pregunta a que estaría disposto a renunciar o PP? Porque eu ademais son unha persoa de consenso, de diálogo, lévome ben cos Alcaldes e Alcaldesas de diferentes cores políticas Mos, Salvaterra, Tui e asegúrovos que teñen as mesmas partidas protocolarias destinadas precisamente a deportistas, a medios de comunicación porque se vai imprescindible que a veciñanza coñeza o traballo que facemos. Gustaríame saber a que renunciaría o PP porque é moi populista isto de chegar aquí e



dicir gastos protocolarios como si fora todo en pinchos, de pinchos sabe ben o PP e non vou recordar os 30.000€ gastados na inauguración desta Casa do Concello na que estades todos. Cando falamos de xestión económica, eu non estou orgullosa desta Conta Xeral 2022 me gustaría que houbera sido outra, son unha persoa ambiciosa para o meu Concello e me gustaría que os datos fosen outros pero o que non podo dicir é que é nefastas como di o Sr. Joaquín, porque sobre todo os gastos saben vostedes en que se produciron? En obras e servizos a veciñanza non sei si o señor Joaquín recorda a legislatura que vivimos pasada con COVID, gastouse en obras e servizos para a veciñanza, ten unha memoria moi curta a pesar de levar creo vai facer 25 anos pronto que leva de Concelleiro Joaquín e uns cuantos como Concelleiro de Facenda que a débeda financeira do Concello que arrastramos e esa si que a estades pagando vos directamente é a expropiación ilegal do Parque Raiña Aragonta, que aínda hoxe en día estamos pagando 582.421€ que é o que queda por pagar, polo tanto como Presidenta deste pleno non vou permitir que se solten xeneralidades e acusacións ao equipo de goberno sen ningún tipo de proba. Dou lectura a proposta de acordo, seguinte:

“PROPOSTA

Visto que as Contas Xerais do Concello de Salceda de Caselas correspondentes ao exercicio económico 2022 foron informada favorablemente pola Comisión Especial de Contas, en sesión de datado data 12.06.2023, e expostas ao público no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e no Boletín Oficial da Provincia núm. 125 de data 29.06.2023, durante quince días, os interesados puideron presentar alegacións.

Visto que no expediente electrónico núm. 754/2023 consta que non se presentaron alegacións dentro do período de exposición pública.

De acordo co disposto no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,

PROPOÑO ao pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Aprobar as Contas Xerais do Concello de Salceda de Caselas correspondentes ao exercicio económico 2022.*

Segundo.- *Remitir a Conta Xeral aprobada xunto con toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas, tal e como se establece no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e, en cumprimento dos mandatos da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e demais normativa concordante, ao Ministerio de Facenda.”*

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta RESULTA APROBADA por SEIS



VOTOS a favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4) e PSdeG-PSOE(2), UNHA abstención dos Concelleiro do Grupo Mixto BNG e CINCO votos en contra dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal do PP

Primeiro.- Aprobar as Contas Xerais do Concello de Salceda de Caselas correspondentes ao exercicio económico 2022.

Segundo.- Remitir a Conta Xeral aprobada xunto con toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas, tal e como se establece no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e, en cumprimento dos mandatos da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e demais normativa concordante, ao Ministerio de Facenda.

Expediente 1349/2023. Aprobación inicial do expediente administrativo de modificación de crédito na modalidade de Suplemento de crédito nº 1/2023.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 6, En contra: 5, Abstencións: 1, Ausentes: 0

Sr. Rodríguez Canosa: Este punto e o seguinte están moi relacionados porque veñen os dous a estar relacionados con ese mecanismo de pago a provedores, un se trata dun suplemento de crédito e outro dun crédito extraordinario. Respecto do suplemento de crédito explicar que se trata dunha modificación de créditos, como ben dixen, derivada deste mecanismo do Ministerio de Hacienda do plan de pago a provedores polo que o que se fai neste documento contable, nesta operación é suplementar partidas orzamentarias que xa non contaban con crédito suficiente para facer fronte a esas obrigas, o suplemento de crédito é de 1.488.492,62 € e o método de financiamento é unha operación de crédito a longo prazo que como ben dixen antes foi aprobada pola maioría absoluta deste pleno o 10 de marzo de 2023.

Sr. Núñez Troncoso: Dicia vostede Sra. Alcaldesa que non dábamos ningún dato económico da Conta é que deron vostedes algún dato? Prelación, orden de pagos, din que non é certo, pois o informe de intervención na paxina nove di: "*en base a información recabada por esta intervención incúmprense en reiteradas ocasións o principio de prelación de pagos*", iso foi o que dixemos. Gastos en obras e servizos para a veciñanza, di vostede di que investiron, ninguén lle di o contrario, están orzamentados? Quen levou o control de ese gasto? Se piden orzamentos a varias empresas, provedores sobre ese tipo de obra? Acabou falando do parque da Raiña Aragonta, mire, o da Raiña Aragonta xa o falamos moitas veces, houbo un proceso expropiatorio, puido estar mellor ou puido estar peor, non lle digo que no, pero sendo vostede tenente de Alcalde e o Alcalde Marcos Besada, colleron vostedes unha pala sen ningún tipo de procedemento expropiatorio e por 25 metros o Concello tivo que pagar 30.000€, ese si que é un bo proceso, por 25 metros sen ningún tipo de



expediente expropiatorio 30.000€ e para iso tiveron que chegar ao Tribunal Supremo.

En relación a este punto, é certo que están relacionados os dous porque os dous van ir a cargo do famoso préstamo do que xa levamos falado un pouco del, pedimos un informe na Comisión de Contas, dixeron que ían a falar coa interventora, respecto do total do préstamo que se pediu, porque o descoñecemos, se nos dixo sobre dous millón cen, aquí non ven ningún documento que reflexe ese importe, tamén pedimos que se nos desglosara a onde foi destinado ese préstamo en concreto, unha parte grande vai para o suplemento de crédito e para o crédito extraordinario pero aínda falta cantidade para chegar aos 2.100.000€. Con esta operación o que se pretende é dar encaixe ao que vostedes gastaron sen ter os cartos a parte do 2022 e iso eran en partidas que xa estaban creadas no orzamento pero o crédito que tiñan era insuficiente, como se lle dixo cando se aprobou o orzamento no pleno do mes de maio do ano 2022, que as partidas eran insuficientes e de feito que era insuficientes que dous-tres meses máis tarde fixeron outro suplemento de crédito. Isto como dicía antes, é unha proba máis de como se xestionan os orzamentos pero non é solo este ano senón xa levamos varios anos advertíndolle disto.

As partidas que se incrementan son numerosas pero tendo en conta o orzamento, tendo en conta este suplemento de crédito e tendo en conta o crédito extraordinario que vai vir a continuación, pois temos que para publicidade, propaganda e gastos protocolarios se nos van 118.257,26€, case nada, aí retire as axudas a deportistas e algún máis e nos estamos de acordo con iso e llo aprobamos, este é o gasto que se gasta en publicidade, propaganda e gastos protocolarios polo tanto seguimos na mesma liña que no punto anterior, a irresponsabilidade é total e manifestas do goberno, non solo o actual que é o 50% da outra parte do goberno porque agora vendo o que hai non se quixo sumar.

Sr. Tourón Domínguez: Esta modificación de crédito como ben se dixo aquí xa, é unha modificación de crédito na modalidade de suplemento e vai con cargo á operación de crédito realizada, e dicir, ao plan de axuste asinado e é necesario para dar cumprimento ao acordado nese 10 de marzo cando nos acolleamos ao fondo de financiación de Entidades Locais do Goberno de España. Pola nosa parte esperamos que este punto e posteriores sirvan para ir encauzando, como dicía antes, unha situación que se viña arrastrando dende fai varias lexislaturas e lembrar sobre todo que como di o informe de intervención, é de vital importancia o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria na liquidación no orzamento de 2023 e o risco de incumprimento vai aumentando si o volume de facturas realizadas sen consignación orzamentaria segue en aumento, digo isto para que se teña en conta e non se repita a situación e se adopten as medidas que se tiveron en conta nese plan de axuste e que se teñen que ter en conta tamén unha vez aprobado este suplemento crédito.

Sr. Guerra García: Como se dicía este punto están interrelacionados, na Comisión do luns pasado pedimos uns datos, primeiro canto era o importe exacto do préstamo tramitado co Ministerio, se nos falou aproximadamente de 2.100.000€ os dous



informes de intervención este e o seguinte suman un millón novecientos e pico pero a relación de facturas que se nos achega suman un millón seis centos e pico. O outro día pedimos que se nos aclarasen estas discrepancias destas cantidades, non se nos deu información como tampouco se nos facilitou a posibilidade de que a relación de facturas viñese máis clara a efectos de revisión e de control. A nós nos gustaría que por parte do goberno, as persoas todas que forman esta Corporación, houbera un respecto institucional e iso significa dar a información que se debe dar e actuar con transparencia porque entendemos que a transparencia tal vez sexa o primeiro punto para un goberno que teña claridade. Si se nos dan eses datos podemos falar con maior causa con independencia de que estas son situacións que veñan relacionadas co préstamo que xa no mes de maio o Ministerio liquidou a partir das facturas e dos fornecedores de servicios aos que o Concello debía cartos. Gustaríanos, si é posible, que se nos aclaren esas discrepancias deses número porque senón é moi difícil de entender onde esta isto, onde fallan os números en canto a relación de facturas, informes de intervención e importe do préstamo. A min me gustaría que cando se vexa para nós, non se nos vexa solo como persoas que debemos estar preocupados polas retribucións dos membros do goberno, que se nos vexa tamén como persoas que temos preocupación por saber de que vai isto, e cos número e os datos que se nos deron o outro día na Comisión é imposible saber de onde saen estas discrepancias de números.

Sr. Rodríguez Canosa: É certo que o outro día na Comisión non tiñas as cifras exactas, dígochas agora, a cifra exacta das facturas que se incluíron no mecanismo de pago a provedores foi de 2.119.967,22€, esas facturas subíronse á plataforma do Ministerio de Hacienda, as empresas tiñan que aceptar ou non ese cobro por iso na nota de prensa falabamos de que estábamos comunicándonos cos provedores para que aceptaran ese cobro para que puidesen cobrar na maior brevidade posible. Desas facturas, deses 2.119.967,22 aceptáronse un total de 2.107.936,10€ e só quedaron sen aceptar 12.031,10€. Evidentemente o informe de intervención non o podo facer eu o ten que facer o persoal técnico, saben tanto os membros do Grupo do PP, como do Grupo Mixto que poden solicitálo sen problema ningún, tamén xa lle advertimos na Comisión informativa que xusto esta semana estábamos sen interventora municipal agora mesmo porque a praza está vacante.

En canto ao compañeiro do Grupo mixto que me fala de factura, sinceramente non sei de que me fala porque neste expediente non se fala de ningún tipo de factura senón que se fala de partidas orzamentarias polo que non sei a que se refire non sei tampouco a que se refire falando de dedicacións creo que hoxe aquí neste pleno ninguén falou de adicación.

Sr. Núñez Troncoso: Sr. Salustiano alégrome que coincidamos nas discrepancias neste punto e noutros seguramente, non porque vostede teña unas ideas políticas e nós teñamos outras non poidamos coincidir en moitos temas, este é un deles e estou seguro que vamos a coincidir en moitos mais. Vostede decidiu nomear Alcaldesa a quen nomeou ala vostede, pero seguro que vamos a coincidir en moitos temas común que favorecen aos veciños de Salceda, agora creo que primeiro hai que



priorizar, primeiro os veciños e despois os partidos, polo menos é o que eu penso, alá que cada un pense como considere, vostedes non o fixeron así e aproba aí esta, espero que se dean de conta nestes catro anos. Alégrome por ter o dato preciso e concreto que non o tiñamos o outro día, nada máis que dicir, solo que non nos queda máis que apoquinar durante doce anos a unha media de 300.000€ cada ano para devolver este préstamo.

Sra. Tourón Domínguez: Polo que acaba de dicir o compañeiro do PP non sei si seguimos intentando confundir á xente, o que se aproba hoxe aquí non é o prestamos, porque coa última frase que acaba de dicir é o que da a entender.

Sr. Guerra García: Esperemos que o Sr. Núñez Troncoso non dedique os catro anos a dicirnos porque escollemos unha Alcaldesa e non votamos ao PP, en todo caso dicir que xa non é a primeira vez que coincidimos porque o outro día na designación dos festivos locais do ano que ven tamén coincidimos.

Sr. Alcaldesa: Dou lectura a proposta de acordo seguinte:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA DE APROBACIÓN DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO NÚM. 1/2023

Como consecuencia de gastos realizados sen dispoñer de crédito axeitado e suficiente na partida orzamentaria, nen na bolsa de vinculación.

Co obxectivo de non minorar o crédito do Orzamento 2023 nesta data prorrogado do ano 2022 do Concello de Salceda de Caselas, necesario para os gastos a acometer este ano, faise preciso tramitar unha modificación de crédito na modalidade de suplemento de crédito, que repoña parte do crédito nas distintas vinculacións.

Visto que en sesión plenaria de data 10 de marzo de 2023 se acordó a formalización do préstamo co Fondo de Financiación a Entidades Locais, compartimento Fondo de Ordenación para atender obrigacións pendentes de pago a provedores no Concello de Salceda de Caselas seguindo o acordo adoptado pola Comisión delegada do Goberno para asuntos económicos de 6 de febreiro do 2023, a modificación que se propón se financiará con este recurso financeiro.

Tratándose de gastos específicos e determinados que non poden demorarse ata o exercicio seguinte porque xa foron realizados, todos eles devengados, e recibidos en conformidade por esta Administración, segundo se dilixencia polo servizo ou autoridade correspondente no mesmo xustificante de gasto. Non debemos trasladar ás mercantís as deficiencias na tramitación administrativa que, por diversas causas, se produxo, de acordo co principio de prohibición do enriquecemento inxusto que se derivaría da existencia dunhas obras, suministros e servizos prestados en conformidade ao Concello de Salceda de Caselas e que deberán ser aboados.



A situación actual de suspensión das regras fiscais, dende o 20 de outubro de 2020 permite unha marxe de manobra que esta corporación deberá utilizar con prudencia e conforme as instrucións recibidas do órgano de tutela autonómico, a Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos da Xunta de Galicia, que sinala:

'(...) a suspensión das regras fiscais non implica a suspensión das obrigas que teñen as administracións públicas en canto a loita contra a morosidade comercial e o cumprimento dos prazos de pagamento, polo que, antes de destinar o superávit ou o remanente de tesourería para gastos xerais a outros fins, deberían atenderse as obrigas da conta 413 e equivalentes, e o resto de obrigas pendentes de pagamento con provedores (...)'

Visto o informe da intervención municipal núm. 2023-0163.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable, procedendo a súa aprobación inicial polo Pleno, de conformidade co disposto no artigo 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, e no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Esta Alcaldía propón ao Pleno, previo dictame da Comisión de Facenda, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito nº 1/2023 na modalidade de suplemento de crédito por importe global de 1.488.492,62 euros financiado con operación de crédito a longo prazo formalizado co Fondo de Financiación de Entidades Locais e acordado en sesión plenaria do Concello en data 10 de marzo do 2023.

Esta modificación afectará ás partidas de gastos de acordo co que se detalla no Anexo I Suplemento de crédito 1/2023 anexo ao expediente G 1349/2023.

Altas en conceptos de Ingresos:

Económica	Descrición	Importe
91300	Operación de crédito a longo prazo	1.488.492,62
TOTAL		1.488.492,62

Segundo.- Ordear a publicación no Boletín oficial da provincia de Pontevedra a



efectos do cumprimento do trámite de exposición pública, polo prazo de quince días hábiles durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamación que estimen oportunas. O expediente considerarase definitivamente aprobado si durante o citado prazo non se tiveran presentado reclamacións, no caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Terceiro.- *Unha vez que este acordo teña carácter definitivo, enviar unha copia do expediente á Comunidade Autónoma e á Administración do Estado, así como publicar no Boletín Oficial da Provincia, taboleiro de edictos e portal de transparencia. “*

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta **RESULTA APROBADA** por **SEIS VOTOS** a favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4) e PSdeG-PSOE(2), **UNHA** abstención dos Concelleiro do Grupo Mixto BNG e **CINCO** votos en contra dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal do PP

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito nº 1/2023 na modalidade de suplemento de crédito por importe global de 1.488.492,62 euros financiado con operación de crédito a longo prazo formalizado co Fondo de Financiación de Entidades Locais e acordado en sesión plenaria do Concello en data 10 de marzo do 2023.

Esta modificación afectará ás partidas de gastos de acordo co que se detalla no Anexo I Suplemento de crédito 1/2023 anexoado ao expediente G 1349/2023.

Altas en conceptos de Ingresos:

Económica	Descrición	Importe
91300	Operación de crédito a longo prazo	1.488.492,62
TOTAL		1.488.492,62

Segundo.- Ordear a publicación no Boletín oficial da provincia de Pontevedra a efectos do cumprimento do trámite de exposición pública, polo prazo de quince días hábiles durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamación que estimen oportunas. O expediente considerarase definitivamente aprobado si durante o citado prazo non se tiveran presentado reclamacións, no caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Terceiro.- Unha vez que este acordo teña carácter definitivo, enviar unha copia do expediente á Comunidade Autónoma e á Administración do Estado, así como publicar no Boletín Oficial da Provincia, taboleiro de edictos e portal de



transparencia.

Expediente 1351/2023. Aprobación inicial da modificación de crédito na modalidade de Crédito Extraordinario nº 1/2023.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 6, En contra: 5, Abstencións: 1, Ausentes: 0

Sr. Rodríguez Canosa: Como ven dixemos antes estes dous puntos están interrelacionados, si no anterior punto falabamos de suplementar partidas orzamentarias que non tiñan crédito neste punto do que estamos falando é de crear partidas orzamentarias específicas que non existían no orzamento municipal e estas partidas créanse para darlle cabida a distintas obrigas, neste caso falamos dunha cifra de 486.077,14€ e que como ven dixen no punto anterior a forma de financiamento é cunha operación de crédito a longo prazo aprobada por este pleno o 10 de marzo de 2023.

Sr. Núñez Troncoso: Verónica vouche matizar, eu non dixen que houbese que aprobar o plan de axuste, o plan de axuste xa está aprobado dende marzo, temos que aprobar unha ampliación de crédito onde as partidas xa estaban creadas creo que foi o que dixen. Crédito extraordinario como dicíamos antes aquí está, na súa maior parte de 486.077,14€ que se van a crear partidas que non estaban contempladas no orzamento. De 486.000€, 305.000€ son para facturas de inversión, obra nova que como dixen antes vostedes non o contemplaron no orzamento do ano 2022, polo tanto planificación nula porque isto hai que contemplalo, aquí ninguén está dicindo unha obra de 500 ou 1000€, son cantidades importantes que todas elas suman 305.000€. O resto tamén para gastos correntes de partidas que non estaban creadas, as partidas de gastos correntes hasta lle podemos permitir darlle un pase pero as de inversión no, porque iso vostedes as tiñan que planificar e non estamos falando, como digo, de facturas de 500 ou de 1000€ de obra nova, polo tanto é outra mostra máis de que a xestión económica é nefasta. Lle vou a dar un dato, vostedes aprobaron o orzamento o 9 de maio de 2022 e como dixen antes, aí non hai contemplada ningunha partida de inversión ata o 30 de abril do ano 22 entraran por rexistro facturas por inversión de 80.000€, vostedes xa o podían contemplar no orzamento. Dirán agora que cando entraron xa o expediente de aprobación do orzamento estaba iniciado, pero estas obras non se fixeron no mes de abril, esas obras fixéronse en xaneiro, febreiro pedirían vostedes un presuposto, poderían contemplar unha cantidade estimada do que valían as obras, iso se chama planificar aquí carecese diso. Remarco o que dicía antes no tema de inversión, de planificación traballaron vostedes a base de ocorrencias, vamos a facer aquela obrita, sen pedir presuposto, sen ningún control da obra como así o din os numerosos informes de pagos da interventora municipal, que non hai control diso, etc... e polo tanto non lle queda máis remedio para poder darlle encaixe dentro do orzamento acudir a esta



figura de modificación do orzamento. Nós dende logo que vamos a estar en contra no sentido que isto na maior dos son traballos sen ningún tipo de planificación.

Sra. Tourón Domínguez: É un punto similar ao anterior, simplemente se trae unha modificación de crédito que no punto anterior era na modalidade de suplemento e neste na modalidade de crédito extraordinario, é necesario este trámite tamén para ese expediente do fondo de financiamento de Entidades Locais. Simplemente comentar que non é por defender todo pero si é verdade que a Xunta de Galicia quita subvencións nas que había que poñer unha parte o Concello que era inversión e iso a veces o comunicaba ou che daba, como pasou na casa de Fontán, de repente un 60-40 é iso tamén o hai que reflectilo nalgún lado.

Sr. Guerra García: Este expediente forma un pack co anterior creo que o debate está dado e nós imos a abstermos.

Sr. Núñez Troncoso: Para matizar o que acaba de dicir Verónica, en canto ás subvencións da Xunta, si, efectivamente, pero cando saen as ordes, dese conta que vostedes xa aprobaron o orzamento inicialmente, si mal non lembro o 14 de febreiro de 2022, non sei a que subvención se refire vostede, si son despois da aprobación definitiva do orzamento. O noso voto vai ser en contra.

Sra. Tourón Domínguez: Puxen un exemplo como puiden poñer outro, porque me acordou ese que a porcentaxe que nos deron non viña na orde e despois se nos comunicou xa así.

Sra. Alcaldesa: Paso a dar lectura a proposta de acordo seguinte:

**“PROPOSTA DE ALCALDÍA DE APROBACIÓN DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO
NÚM. 1/2023**

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMERO. Con data 31.07.2023, e ante a existencia de gastos que non poden demorarse até o exercicio seguinte e para os que non existe crédito, a alcaldía, mediante providencia, incoou expediente para a concesión de crédito extraordinario para financiar gastos correntes con cargo a operacións de crédito.

SEGUNDO. Con data 01.08.2023, emitiuse Memoria de Alcaldía na que se especificaban a modalidade de modificación do crédito, o financiamento da operación e a súa xustificación.

TERCEIRO. Con data 02.08.2023, emitiuse informe de intervención e cálculo da Establidade Orzamentaria para a aprobación de crédito extraordinario.



LEXISLACIÓN APLICABLE

PRIMEIRO. A Lexislación aplicable ao asunto é a seguinte:

— Os artigos 169, 170, 172 e 177 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo.

— Os artigos 34 a 38 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos.

— O artigo 3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

— O artigo 16.2 do Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa Aplicación ás Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro.

— O Regulamento (UE) Núm. 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (SEC-10).

— O artigo 22.2.e) e o 47.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

— A Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das entidades locais.

— A Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

— O artigo 28.j) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

— O artigo 4.1.b).2º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Á vista dos anteriores antecedentes, tendo en conta a normativa de aplicación, considérase que o expediente se está tramitando conforme á lexislación aplicable procedendo a súa aprobación polo Pleno de conformidade co artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.



Esta Alcaldía propón ao Pleno, previo dictame da Comisión de Facenda, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito nº 1/2023 na modalidade de Crédito Extraordinario por importe global de 486.077,14 euros financiado con operación de crédito a longo prazo formalizado co Fondo de Financiación de Entidades Locais e acordado en sesión plenaria do Concello en data 10 de marzo do 2023.

Esta modificación afectará ás partidas de gastos de acordo co que se detalla no Anexo I Crédito Extraordinario 1/2023 anexoado ao expediente G 1351/2023.

Alta en Conceptos de Ingresos

Económica	Descrición	Importe
91300	Operación de crédito a longo prazo	486.077,14
TOTAL		486.077,14

Segundo.- Ordear a publicación no Boletín oficial da provincia de Pontevedra a efectos do cumprimento do trámite de exposición pública, polo prazo de quince días hábiles durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamación que estimen oportunas. O expediente considerarase definitivamente aprobado si durante o citado prazo non se tiveran presentado reclamacións, no caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Terceiro.- Unha vez que este acordo teña carácter definitivo, enviar unha copia do expediente á Comunidade Autónoma e á Administración do Estado, así como publicar no Boletín Oficial da Provincia, taboleiro de edictos e portal de transparencia.”

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta **RESULTA APROBADA** por **SEIS VOTOS** a favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4) e **PSdeG-PSOE(2)**, **UNHA** abstención dos Concelleiro do Grupo Mixto BNG e **CINCO** votos en contra dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal do PP

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito nº 1/2023 na modalidade de Crédito Extraordinario por importe global de 486.077,14 euros financiado con operación de crédito a longo prazo formalizado co Fondo de Financiación de Entidades Locais e acordado en sesión plenaria do Concello en data 10 de marzo do 2023.



Esta modificación afectará ás partidas de gastos de acordo co que se detalla no Anexo I Crédito Extraordinario 1/2023 anexoado ao expediente G 1351/2023.

Alta en Conceptos de Ingresos

Económica	Descrición	Importe
91300	Operación de crédito a longo prazo	486.077,14
TOTAL		486.077,14

Segundo.- Ordear a publicación no Boletín oficial da provincia de Pontevedra a efectos do cumprimento do trámite de exposición pública, polo prazo de quince días hábiles durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamación que estimen oportunas. O expediente considerárase definitivamente aprobado si durante o citado prazo non se tiveran presentado reclamacións, no caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Terceiro.- Unha vez que este acordo teña carácter definitivo, enviar unha copia do expediente á Comunidade Autónoma e á Administración do Estado, así como publicar no Boletín Oficial da Provincia, taboleiro de edictos e portal de transparencia.

Expediente 1674/2023. Aprobación de expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 2/2023.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 6, En contra: 5, Abstencións: 1, Ausentes: 0

Sr. Rodríguez Canosa: Un recoñecemento extraxudicial de crédito, como ben sabedes, trátase de aprobar facturas que estando rexistradas no Concello non contan con partida orzamentaria no orzamento vixente nese ano, ese REC que imos a aprobar que complementa o primeiro REC que se aprobou conta cunha particularidade moi importante que o diferencia de anteriores recoñecementos extraxudiciais de créditos, a diferencia é que as facturas que se atopan neste REC que aprobaremos ou non hoxe, xa foron pagadas mediante o mecanismo de financiación das Entidades Locais do Ministerio de Hacienda o cal xa está adherido este Concello, penso que todos os Grupos tedes a documentación a man, o listado de facturas, as cifras.

Sr. Núñez Troncoso: Efectivamente é un recoñecemento extraxudicial de crédito un expediente, digamos, de gastos extraordinarios que esta figura está para iso para gastos extraordinarios, imprevistos e quero poñer un exemplo, cando foi a riada en Noite Boa e Nadal, vostedes traen ese gasto aquí e nós aprobámosllas, por esa figura está para iso, non está para ocorrencias, adxudicando traballos sen ter consignacións



orxamentario, sen falar con intervención, sen facer a correspondente retención de crédito, iso tamén o di intervención, a maioría dos gastos non se falou con intervención para facer a retención de crédito suficiente, o di o informe non o dicimos nós. Este expediente acaba de encher o vaso do que é a xestión económica que fixeron vostedes, bipartito PSOE – MS, é certo, como dixo antes Verónica, que este é un expediente que se ven arrastrando de ano tras ano, este ano baten o récord, ten vostede o expediente máis alto que se coñece de este Concello, un recoñecemento de 2.471.000€, quitoulle vostede o récord o que tiña a actual Alcaldesa. Estas son facturas que quedaron sen pagar de gasto corrente dende o 1 de agosto ata o 31 de decembro, despois hai facturas de inversión e algunhas de gastos correntes dende o 1 de xaneiro a 31 de decembro e despois algunhas facturas, tamén algunhas de inversión, que entraron nos meses de xaneiro, febreiro do 2023, Nós pedimos, me consta que Salustiano tamén o pediu, que se nos pasara as facturas para saber o concepto, a nosa función, entre outras, é de fiscalizar o goberno, noó non podemos fiscalizar unha factura se non sabemos o concepto, como vamos a aprobar unha factura senón sabemos o que estamos aprobando? Lle vou poñer un exemplo, si collen vostedes a relación dúas, Concelleira Vías e Obras: Hacer caja para, onde? 9351; Concelleira Vías e Obras: Asfaltado en Pegade; Concellería de Vías e Obras: Hacer caja para: 3657€; Concelleira de Vías e Obras: Asfaltado y, 6682€; Concellería de Vías e Obras: Cortar asfalto, abril, 8340€; espejo parabólico exterior acrílico, 2362€, Concellería de Vías e Obras: Elaboración de muros, onde?, Concellería de Vías e Obras: preparación de terreno, 9342€ en onde?; Concellería de Vías e Obras: abrir zanja, onde? 11784€; Concellería de Educación: Cortar hormigón, onde? 5785; Concellería de Vías e Obras: Entrega de material de, 5495€. Vamos a outra relación: Diciembre de 2022 importe de los servicios prestados, de qué? 3916€; servicios varios de albañilería 6999€, etc... como quere que nós aprobemos isto? Levámolo dicindo por activa e por pasiva, que se suba a sede electrónica ao expediente do pleno estas facturas, o outro día dixemos que se eliminaran as do consumo eléctrico, incluso que se subirán as de inversión, Salustiano creo que dixo que o Excel se ampliara para poder ver o concepto, nin una nin a outra, polo tanto nós isto non o podemos aprobar. Hai facturas que entraron no Concello en xaneiro do 2022, como dicía antes porqué non se contemplaron xa no orzamento? Estes provedores estiveron ata o 22 de maio de 2023 sen cobrar case un ano e medio, isto parécelles normal a vostedes? Informe de intervención, falta de tramitación administrativa o volve a recalcar intervención, incumprimento da Lei de Contratos volve a recalcalo, a prelación da orde de pagos volve a recalcalo, isto é inasumible, aprobar isto Alcaldesa, o noso voto loxicamente vai ser en contra.

Sra. Tourón Domínguez: Este punto tamén ten relación cos anteriores, si ben é importante destacar que estas facturas que se traen hoxe a este recoñecemento de crédito xa están pagadas é un trámite que hai que facer pero as facturas xa están pagadas. Cando se aprobou o plan de axuste para facer fronte ao pago a provedores xa sabíamos que se tiña que facer este trámite de recoñecemento de crédito, agora ben, nós creemos que o plan de axuste, a adhesión ao fondo de financiación a Entidades Locais que aprobou o Goberno Central ten que servir para que non se sigan



traendo estes REC de importes tan elevados, ese é un punto de inflexión despois de moitos anos. É verdade que cando arrastras un problema deste tipo cada ano é maior, unha vez que se adhira a un fondo de financiación para solventar este problema pois a partir de aí este recoñecementos extraxudiciais de crédito teñen que empezar a ser de forma puntual e con importes razoables. Insisto unha situación que se levaba arrastrando moitísimos anos que quixemos poñer solución a través de ese plan de axuste e a partir de agora ese recoñecemento teñen que ser puntuais e importes máis razoables. Todos sabíamos que este recoñecemento se daba e que para algo se facía o plan de axuste que era para pagar as facturas pendentes.

Sr. Guerra García: Sendo este un punto técnico en relación cos anteriores nós volvemos a por en cuestión como se nos da a información e a necesidade que temos de poder fiscalizar o gasto con todo o dereito. Entendo que non corresponde derivar aos servizos de intervención a información que non ven dada debe facilitarse por parte do goberno os informes que se poñen a disposición das persoas desta Corporación e traían amplitude de información que consideramos necesaria para fiscalizar. No informe de intervención chámame a atención un parágrafo que di *“así mesmo compre destacar que os ordenadores de gasto e de pagos serán persoalmente responsables, en todo caso, e os interventores cando non advirtan por escrito da súa procedencia de todo gasto que autoricen e de toda a obrigan que recoñezan, liquiden ou paguen sen crédito suficiente”*. Eu en todo caso deixo este parágrafo de intervención aquí reflectido para que nos demos conta de como as cousas deben mudar a efectos de realizar o gasto neste Concello.

Sr. Rodríguez Canosa: Respecto as facturas xa vos dixen na Comisión informativa de que este é o excel que sae así do programa de contabilidade non se pode ampliar, evidentemente teñen a disposición vosa os departamentos tanto de intervención como de tesourería para solicitarlle as facturas que o desexen. O PP regularmente solicitan facturas, pásanselle as facturas que teñen dúbidas as consultan, hai outras que o concepto non ven claro pero non me vale que digas “hacer caja” porque o concepto real que pon é “hacer caja para asfaltado” non quite o asfaltado, despois un espello parabólico penso que sabe de sobra que é o espello parabólico que hai por todos os barrios colocados, o dos muros si vostede solicita esa factura apareceran os muros e os de servizos prestados. Si unha persoa facturas servizos prestados é cuestión de mirar quen emite esa factura, non hai gato encerrado. Insisto tanto para o Grupo Mixto como para o PP, o departamento de intervención está ao dispor de todos os Concelleiros e de todas Concelleiras e poden vostedes solicitar as facturas en todo momento, comprenderán que non é traballo dun Concelleiro poñerse a pasar factura por factura e subila ao expediente, creo que ata aí estaremos de acordo todos.

Sr. Núñez Troncoso: Sr. Alejandro acaba de deixarme anonadado, o do concepto solo si vostede ten outra relación que nós non temos porque eu lin o que está no concepto. En canto a consultar facturas voulle a dar un detalle, rexistro de entrada 443, 28/02/2023; rexistro de entrada 846, 24/04/2023; rexistro de entrada 637 do 28/03/2023; rexistro de entrada 672 do 31/03/2023, rexistro de entrada 445 do



28/02/2023, rexistro de entrada 660 do 30/03/2023 esta é a documentación que temos solicitada e a día de hoxe, non a temos no noso poder, vostede que pensa que nós nos íamos a crer que nos ían a dar a documentación, as facturas en tres días cando temos algunha de máis de seis meses? Agora me dirá a Alcaldesa que era non era a Alcaldesa, pero está presentada por rexistro e da igual que sexa unha Alcaldesa que outra está presentada por rexistro, estes rexistros hai que atendelos, esa documentación hai que entregala non me veña vostede con que temos acceso ao rexistro. O noso voto vai ser en contra, nós sempre dixemos que recoñecementos extraxudiciais sempre vai haber pero unha cousa é unha cantidade razoable 200-300-400 mil euros outra cousa é 2.472.000€ e volvo a repetir esta figura son para gastos extraordinarios, e volvo a poñer un exemplo, gastos extraordinarios é o que aconteceu no nadal do 2022 na Picoña para iso está esa figura, esa figura está para ese tipo de gastos, traían ese tipo de gasto e van a ter o noso voto favorable, non lle caiba dúbida.

Sra. Alcaldesa: Creo que vostede coñece perfectamente como funciona isto e que teñen dereito coma oposición a fiscalización e que teñen dereito a solicitar todas as facturas que consideren, creo que non é a Alcaldesa, e non diga que é igual unha que outra porque quen ten a potestade para asinar o permiso pra acceder a rexistro é única e exclusivamente Alcaldesa, a día de hoxe esta Alcaldesa e durante os meus anos de mandato non ten vostede ningunha soa solicitude de documentación a que eu non lle deixara acceder, desmíntamo, non volva a confundir a veciñanza, ademais me parece un argumento moi pouco sólido, menos mal que estas facturas están pagadas aos provedores por traballos feitos e traballos recoñecidos polas diferentes áreas e diferentes concelleiras, menos mal que están pagadas porque dende logo que o argumento do PP de que o concepto non colle na factura e non sabe de que son as obras. Eu como responsable de vías e obras, lle convido dende a vindeira semana a visitar todos os espellos que se colocaron e a todas e a cada unha das zanzas e caixas que se abriron, é máis, hai xente entre o público a que se lle colocou un espello, visite comigo cada un deses puntos, se ese é o argumento para votar en contra a provedores moitos deles locais e que queden as súas facturas sen cobrar, permítame que llo diga, é moi pouco serio.

Sra. Tourón Domínguez: Por alusións, a Concellería de Facenda estaba en mans de Movemento Salceda, de feito estivo sempre dende o 2007 ata a actualidade, eu tiña potestade de asinar pero cada un tiña as competencias de poñer a firma.

Sr. Núñez Troncoso: Cada día estou máis sorprendido, nós pedimos unha documentación por rexistro, sexa quen sexa, Alcaldesa esa documentación temos dereito a ela, nola teñen que facilitar, esa documentación como Concelleiro temos dereito a ter acceso a ela e algunha pedida tres ou catro veces.

Sra. Alcaldesa: Repito, nunca deixei de asinar, como Alcaldesa, na etapa anterior e nesta ningunha petición de acceso as facturas é máis, esta semana entraron tres peticións por parte de Verónica Tourón do PSOE de facturas, dunha licenza e de algunha outra cousa máis que se asinaran, mañá mesmo, para que acceda a elas,



pero lle aseguro que non hai ningún tipo de problema de acceder a documentación e ademais pode facelo a oposición en calquera momento. Paso a dar lectura da proposta de acordo seguinte:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE Nº 152/2023 DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 2/2023.

Resultando preciso recoñecer obrigas pendentes de aplicar ao Orzamento cando está constatada a efectiva prestación dos servizos e subministrados de bens e servizos por parte dos terceiros, e constan no expediente as facturas e documentos xustificativos acreditativos de cada un dos gastos debidamente conformados polos responsables dos distintos órganos xestores do gasto.

Considerando que o artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, establece: “Corresponderá ao Pleno da Entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos, sempre que non exista dotación orzamentaria...”

Visto o informe da Interventora municipal núm. 2023-0161 coa correspondente nota de reparo.

Considerando que o artigo 217.2 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (R.D. Legislativo. 2/2004, de 5 de marzo) atribúe ao Pleno da Entidade a resolución dos reparos formulados pola Intervención municipal cando é por insuficiencia ou inadecuación de crédito.

En atención ao exposto, PROPOÑO ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO:

Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 2/2023 correspondente a exercicios anteriores que se relacionan no expediente núm. 1674/2023, e que se compón das seguintes relacións de facturas:

- Relacións 1, 2, 3 e 4 que forman parte da adhesión voluntaria ao sistema de pago a provedores regulado no acordo adoptado pola Comisión Delegada do Goberno para asuntos económicos de 6 de febreiro de 2023.

- Relación 5 correspondente ás facturas imputables ao exercicio 2022 da Área SF suxeitas ao compromiso firme de achega constituído pola Resolución do 30/12/2022 da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, pola que se finaliza o procedemento de concesión de subvencións destinadas a entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos no marco da Rede galega de atención temperá nos anos 2022 a 2024 (Expediente G 2/2023) RC 213-



- *Relación 6 correspondente ás facturas imputables ao exercicio 2022 da área RH do Obradoiro de Emprego "Rehabilita Salceda" suxeitas ao compromiso firme de achega da Consellería de Emprego e Igualdade na que se acorda conceder ao Concello de Salceda de Caselas unha subvención para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia "Rehabilita Salceda" (Expediente de Incorporación de remanentes 1/2023 G 195/2023).*

- *Relación 7 correspondente a liquidación definitiva do cuarto trimestre do ano 2022 do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (Xantar na casa).*

- *Relación 8 correspondente á debida do ano 2023 por servizos prestados en novembro e decembro do 2022 a favor de María Virtudes Muñoz Espinosa con DNI:79.106.563-H, pola impartición de tutorías de Aula Mentor (G 882/2021).*

- *Relación 9 correspondente a liquidación definitiva do segundo semestre do ano 2022 do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (Escolas Infantís), ascendendo a un total de 1.653.081,82 euros, aos efectos de dar aos mesmos a oportuna aplicación con cargo ao Orzamento do exercicio 2023, nesta data prorrogado do ano 2022; previo levantamento do reparo formulado ao efecto pola Intervención municipal."*

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta **RESULTA APROBADA** por **SEIS VOTOS** a favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4) e PSdeG-PSOE(2), **UNHA** abstención dos Concelleiro do Grupo Mixto BNG e **CINCO** votos en contra dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal do PP

ACORDO:

Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 2/2023 correspondente a exercicios anteriores que se relacionan no expediente núm. 1674/2023, e que se compón das seguintes relacións de facturas:

- *Relacións 1, 2, 3 e 4 que forman parte da adhesión voluntaria ao sistema de pago a provedores regulado no acordo adoptado pola Comisión Delegada do Goberno para asuntos económicos de 6 de febreiro de 2023.*

- *Relación 5 correspondente ás facturas imputables ao exercicio 2022 da Área SF suxeitas ao compromiso firme de achega constituído pola Resolución do 30/12/2022 da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, pola que se finaliza o procedemento de concesión de subvencións destinadas a entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos no marco da Rede galega de atención temperá nos anos 2022 a 2024 (Expediente G 2/2023) RC 213-*



- Relación 6 correspondente ás facturas imputables ao exercicio 2022 da área RH do Obradoiro de Emprego “Rehabilita Salceda” suxeitas ao compromiso firme de achega da Consellería de Emprego e Igualdade na que se acorda conceder ao Concello de Salceda de Caselas unha subvención para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia “Rehabilita Salceda” (Expediente de Incorporación de remanentes 1/2023 G 195/2023).

- Relación 7 correspondente a liquidación definitiva do cuarto trimestre do ano 2022 do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (Xantar na casa).

- Relación 8 correspondente á debida do ano 2023 por servizos prestados en novembro e decembro do 2022 a favor de María Virtudes Muñoz Espinosa con DNI:79.106.563-H, pola impartición de tutorías de Aula Mentor (G 882/2021).

- Relación 9 correspondente a liquidación definitiva do segundo semestre do ano 2022 do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (Escolas Infantís), ascendendo a un total de 1.653.081,82 euros, aos efectos de dar aos mesmos a oportuna aplicación con cargo ao Orzamento do exercicio 2023, nesta data prorrogado do ano 2022; previo levantamento do reparo formulado ao efecto pola Intervención municipal.

Moción de urxencia do Grupo Municipal do PP para modificación da ordenanza fiscal núm. 21 reguladora do IBI.

Sr. Rodríguez Davila: O noso Grupo presentou unha moción para insistir en aquilo en que se nos negou cando se aprobou definitivamente a ordenanza fiscal 21 reguladora do IBI (urbana) en conceptos como a bonificación do 90% daquelas parcelas que cumpran os requisitos e que esa bonificación se faga de oficio e que non teñan que ser os veciños que todos os anos teñan que pedir esa bonificación vía rexistro para que así se atenda. Dou lectura a moción presentada seguinte:

“MOCION PARA A MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL 21 REGULADORA DO 181, NO SEU ARTIGO 3.”

*O Grupo Municipal Popular no Concello de Salceda de Caselas de acorde co disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, eleva ao Pleno a seguinte Proposta de **MOCIÓN:***

EXPÓN:

*A Modificación da Ordenanza Fiscal 21 Reguladora do IBI, aprobose definitivamente o 23 de decembro de 2021, sen recoller na mesma a proposta que por aquel entón fixo o Grupo Popular de facer de **OFICIO** as bonificacións*



do 90% nos inmobles (parcelas...) acollidas o artigo 3 de dita ordenanza fiscal do IBI (urbana).

O noso Grupo presentara unha emenda que foi rexeitada polo goberno bipartito MS - Psoe, e que agora pretendemos de novo que a Corporación Municipal se pronuncie sobre si está ou non de acordo en facer estas bonificacións de OFICIO evitándolle así a todos os veciñ@s ter que solicitála todos os anos. E por elo que propomos someter a votación neste pleno o **seguinte ACORDO de modificación da Ordenanza Fiscal 21 Reguladora do IBI:**

1. Que o goberno incie o expediente para a modificación da Ordenanza Fiscal 21 Reguladora do IBI.

2. Modificar o artigo 3 de dita Ordenanza quedando redactado do seguinte xeito:

"Asemade, serán bonificadas as parcelas ás que Catastro lle aplique os seguintes coeficientes correctores nas circunstancias que se indican:

1. Parcelas sen construción as que se lle aplica a efectos catastrais o coeficiente corrector "G" por ter superficie distinta á mínima, e que conta con menos de 450m2.
2. Parcelas sen construción ás que se lle aplica a efectos catastrais o coeficiente corrector "H", por inedificabilidade temporal.
3. Parcelas sen construción ás que se lle aplica a efectos catastrais o coeficiente corrector "8", lonxitude de fachada.
4. Parcelas sen construción ás que se lle aplica a efectos catastrais o coeficiente corrector "D", desmonte excesivo.
5. A bonificación consistirá nun 90% que se aplicará sobre na cota íntegra do imposto. A aplicación desta bonificación levarase a cabo DE OFICIO.

3. **Que se traía o seguinte pleno esta modificación nun punto da orde do día e como único asunto a tratar en dito punto."**

Creo que de todos é coñecida a problemática no seu momento do catastrazo, o que significou e quedaron atrás conceptos para nós irrenunciábeis, como digo, o inicio de oficio destas bonificacións e tamén eses apartados que acabo de mencionar, algúns deles recollidos e outros no.

VOTACIÓN: Sometida a votación a urxencia da moción esta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos DOCE membros presentes nesta sesión, pasando polo tanto a tratar dita moción.

Sr. Rodríguez Davila: Creo que quedou ben claro, me consta que está subido ao expediente do pleno e polo tanto o que pedimos é claro, conciso e aquí o que pedimos é que o Goberno, que é quen ten a potestade de iniciar ese expediente de modificación da Ordenanza, que abra ese expediente, que se inicie esa



tramitación e que loxicamente, despois, cada grupo poida aportar o que considere en beneficio de todos os veciños. Aquí ninguén está en contra de que se pague IBI dos inmobles que xustamente hai que pagar por eles, pero queremos que é inxusto o que está a suceder con moitas parcelas e sobre todo da incomodidade, da mala leche e sobre todo do que supón que todos os anos os veciños teñan que facer ese trámite administrativo co que supón, primeiro carga burocrática de papeleo para as administracións públicas e en segundo lugar pasa que moitos veciños se despistan de solicitar esa bonificación antes de que remate o ano para o exercicio seguinte e iso conleva que non se poidan acoller a esa bonificación do 90% e que acaben pagando a urbana por parcelas irrisorias e todo o que sabemos os aquí presentes e os veciños e veciñas que nos estean escoitando, polo tanto, esperemos contar co apoio maioritario desta Corporación e que se inicie o trámite para logo aplicar de oficio estas bonificación e recoller esas propostas sobre eses supostos de esas parcelas que mencionei anteriormente.

Sr. Rodríguez Canosa: Respecto desta moción dicir que en parte si que estamos de acordo, pero é unha moción demasiado extensa e entra en contradicións, hai cousas que si e outras que non. Iniciar o expediente claro que si, de feito si non se iniciou antes foi por falla de tempo e falla de poder arrancar con este tema, porque entre outras cousas temos que cumprir cun plan de axuste aprobado neste pleno. Falades do artigo 3, de modificar as bonificacións nunhas determinadas parcelas, como ben sabedes as dúas primeiras parcelas das que falades xa teñen unha bonificación que teñen un coeficiente “G” e o coeficiente “H” e despois pedides incluír o “B” e o “D”. Vamos a ver as bonificacións, nós estamos a favor das modificacións, así o dixemos en campaña e así o seguiremos defendendo pero as bonificacións teñen que ser unha excepción o que non poden ser é unha xeneralidade non podemos de repente bonificar todas as parcelas porque estaríamos incorrindo nunha ilegalidade, porque o importe do IBI pasaría a ser inferior ao 40% que é o que nos marca a Lei do Estado. Si que estamos a favor das bonificacións pero bonificacións xustas non pode ser, como dicimos, unha xeneralidade, e por certo, xa o decidides vos aí, estas parcelas que teñen coeficiente “B” e coeficiente “D” xa catastro lles aplica un coeficiente reductor, xa están pagando menos, unha por lonxitude de fachada e outra é desmonte excesivo, pero sobre todo non se pode decidir isto así a torera sen ningún tipo de informe, sen saber que consecuencias orzamentarias vai ter, sen saber que repercusións terá sobre as contas do Concello.

En canto ao de levalos de oficio aí estamos de acordo e si que aforraría moito traballo burocrático pero, xa o dixemos máis veces, aínda é cedo porque o proceso de regularización catastral que se realizou en Salceda, o iniciou como saben o Ministerio de Hacienda, a raíz de ese procedemento hai moitas parcelas, moitos expedientes abertos con catastro que están sen solucionar e ser regular polo tanto esperemos a que esta situación se regularice, que a



meirande parte destes expediente se pechen e si que coincido que en breve período de tempo teremos que facer esta bonificación de oficio porque sería moito máis efectivo burocraticamente para o Concello, sería moito máis áxil, máis doado e ningún veciño quedaría detrás, pero insisto, agora mesmo o risco de que se cobre de forma indebida que o risco de que a veciñanza quede sen bonificación, teñen un ano enteiro para facer a bonificación, dende o Goberno sempre avisa con tempo suficiente para facer esta bonificación e pensamos que por agora aínda é cedo.

No seguinte punto que solicitan de que se traía ao seguinte pleno, iso tampouco é competencia do pleno, o Goberno xa temos poucas competencias polo menos unha que temos e que está clara pola Lei non nola quitedes tamén, a competencia de convocar o pleno é competencia da Alcaldía, e como ben saben vostedes sempre poden solicitar un pleno extraordinario, aí a lei vos ampara, mañá mesmo vostedes solicitan un pleno extraordinario e a Alcaldía, si non me equivoco, está obrigada a convocalo en dez días, así de sinxelo polo tanto estamos de acordo de iniciar o proceso pero si que non estamos e non creemos nin xusto, nin agora mesmo sen ningún tipo de informes, sen saber de que cifras nos estamos movendo aprobar unha modificación dunha ordenanza, polo tanto, sexamos serios non veñamos agora con populismo de finais de agosto e empecemos con pedir que se rebaixen e que se fagan bonificacións. É curioso porque da a sensación de que o PP xa neste momento xa abandona as posibilidades de gobernar, xa estades pedindo rebaixas de impostos nunha medidas máis de intentar afogar ao goberno municipal. Polo tanto o voto de Movemento Salceda, como digo, si a moción se modifica e só se pon o punto 1 de iniciar o expediente, vai ser a favor, noutro caso vai ser en contra.

Sra. Tourón Domínguez: Todos sabíamos cando se obrigou a facer o procedemento simplificado de catastro, que non é o catastrazo nin este tipo de cousas que pretende chamarlle o PP, sabíamos que ía a traer e de feito trouxo situacións que non eran xustas que pagaban parcelas que non podían ser edificables, etc... e que esa era unha situación inxusta. Eu vos vou a falar dende o traballo que se levou a facer e poder realizar a bonificación do 90%, porque si alguén se empeñou en facer as bonificacións fun eu e sei o traballo que da e como tivemos que facer para podelo encaixar xuridicamente e urbanisticamente, de feito o compañeiro Joaquín do PP nun pleno antes de traer esas bonificacións me dixo a min si non sabía ler o artigo que esas bonificacións non ían a ser posibles. É verdade que nun primeiro momento cando empezamos a mover o expediente das modificacións nos encontrabamos sempre coa porta pechada de non poder facer bonificacións, conseguimos xuridicamente darlle encaixe a esas bonificacións pero tamén coas advertencias de que non se podía facer de forma xenérica para todos porque senón deixaríamos de cobrar o que deberíamos de cobrar por un imposto obrigatorio e estaríamos cometendo unha ilegalidade, repito, volo digo dende o coñecemento de haber traballado punto por punto as bonificacións, de feito



todos sabemos que traían informes desfavorables de intervención, de secretaría, do ORAL, etc... é aínda así fixemos todo o posible, porque creemos que as bonificacións, son necesarias para a veciñanza para resolver esas situación inxustas, pero tamén é verdade que despois de ter un montón de conversas, tanto con técnicos, xurídicos, urbanísticos, cos técnicos do Concello, do ORAL, do Catastro e demais hai situacións e puntos de esta moción que non poderían ser levados materialmente a cabo coa situación que ten catastro agora, iso dito en reunións en un montón de veces. Creo que hai que ser coherentes e hai que ser conscientes e o que non se pode aprobar é algo que non sabemos si realmente se vai poder aprobar porque eu estou segura que despois das conversacións todas que mantiven algún deles non, porque tamén o pretendía e non se foi capaz, de feito, vostedes busquen calquera Concello de Galicia que teñan o 90% das bonificacións, e non digo que a situación sexa xusta para toda a veciñanza, que ninguén me malinterprete que non estou dicindo iso, o que si que hai situacións inxustas pero que materialmente son case imposibles de remediar. Creo que primeiro hai que ser conscientes do que se está a pedir, por suposto que se inicie ese expediente, nós non estamos en contra de que se inicie o expediente pero hai que ser conscientes do que se pode e do que non se pode facer porque está moi ben e é moi popular traer aquí unha rebaixa de bonificacións, bonificacións para todos aprobalo aquí, quedar ben diante de toda a veciñanza e despois que non se poida materializar porque eu dende logo non vou votar algo que non se poda materializar, e volo digo dende a experiencia de intentar darlle cabida xuridicamente as bonificacións do 90% durante meses. Como di o compañeiro de Movemento Salceda necesitaranse informes e documentación e demais.

Sr. Guerra García: Nós imos a votar a favor de que se teña en conta esta proposta porque o inxusto proceso de revisión catastral creou realmente situacións esperpénticas a efectos de pago de IBI, máis alá dos informes técnicos que logo nos poidan limitar ou nos poidan condicionar determinados acordos, nós creemos que é obriga desta Corporación explorar calquera situación que tente, cando menos, mellorar a desfeita que supoño para as parroquias o inxusto proceso de revisión catastral.

Sr. Rodríguez Davila: Visto o manifestado polos grupos igual non sae adiante esta iniciativa pero insistiremos e volveremos a traer, aquí como ben se dixo por parte da Voceira do PSOE case imposible, case pero non imposible, tampouco se dicía naquel momento cando nós insistiamos naquelas modificacións de que non ía a ser posible e ao final traballando e insistindo a veces se conseguen cousas, a veces non pero o que hai é que inicialo, hai que loitalo, nós non o damos por feito pero non o damos por non conseguido, o que hai é que traballalo e hai que iniciar ese procedemento. Entón se estamos de acordo en modificar a ordenanza fiscal que problema hai en aprobalo e logo unha vez aprobado inicialmente ese expediente e acordado ese inicio de modificación de ordenanza traballar conxuntamente e aportar os diferentes grupos e ir alí a onde sexa necesario para conseguir isto, que ao final é en beneficio dos



veciños e non confundades, non se está plantexando unha bonificación xenérica a todo o mundo e a todas as parcelas, estamos plantexando bonificacións concretas e concisas para parcelas con determinadas condicións urbanísticas que está recollida na proposta e que todo o mundo entende e que todo o mundo que as ten, as padece e sabe do que estamos a falar. Non estamos a falar de parcelas urbanizables con fronte de fachada que cumpre a normativa urbanística para licencia municipal de obras, non estamos a falar de parcelas de máis de 450m, nin estamos a falar de parcelas con acceso a viario público nin acceso rodado, etc.... estamos a falar desas parcelas que teñen eses condicionamentos que imposibilitan a súa edificación e a súa situación polo seu desmonte, pola súa afectación de ríos ou tendidos eléctricos, de que non cumpren o mínimo de metros cadrados que xa está contemplado, pero hai que engadirle estas que nós lles propoñemos con desmonte. Como é posible que haxa parcelas, por exemplo, en Picoña cun desmonte exaxerado e que estean pagando IBI cando na vida van a poder construír, creo que a iso hai que darlle unha solución, hai que intentalo, e se dixo aquí non é imposible, é difícil si por suposto pero hai que insistir, hai que traballar e hai que persuadir para conseguir o obxectivo porque ao final o máis fácil é cruzarse de brazos. Lles recordo que vostedes votaron en contra de facelo de oficio e agora están de acordo, nos parece moi ben todos podemos rectificar e nós os primeiros, eu creo que é de xustiza que se faga de oficio e que non teñan que ser os veciños que veñan todos os anos cos papeis a esta casa do Concello a presentar por rexistro para pedir as bonificacións que lle corresponden nunha ordenanza fiscal, e hoxe en día cos mecanismos técnico e informáticos creo que é posible facelo de oficio como se fan outros trámites administrativos de oficio, polo tanto agradecemos o apoio, neste caso, do grupo mixto BNG e esperarmos contar, si non é hoxe, no futuro, e se queda rexeitada volvermos a insistir.

En canto ao pleno extraordinario nós agotamos a vía do pleno ordinario e sabemos perfectamente que somos o único grupo que podemos pedir plenos extraordinarios, nin vostedes estando na oposición poderían pedilo nós si, e polo tanto non fai falta que vostede nos diga o que podemos facer ou deixemos de facer, agradecemos esas aportacións, Alejandro, pero por sorte temos a capacidade de saber o que podemos ou non podemos facer.

Sr. Rodríguez Canosa: Nós estamos de acordo en aplicala de oficio, como lle dixen, pero non agora aínda, agora non estamos de acordo, creemos que o adecuado e o máis serio para aforrar trastornos a veciñanza é esperar a que se regularicen a maioría dos expedientes que hai abertos en catastro aínda de regularización, é o que lle dixen, e daquela cando lle contestamos que non estabamos de acordo en aplicalo de oficio foi a mesma razón que expuxemos, que por certo unha razón que a expuxo a miña ex-compañeira Lucia Pereira, da que me quero lembrar polo gran traballo que fixo neste caso das bonificacións compartín despacho con ela, sei as horas e horas que pasou para aplicar estas bonificacións repasando unha por unha as solicitudes e facendo un traballo técnico que non lle correspondía polo tanto dende aquí quero lembrarme unha vez máis da miña compañeira Lucía que fixo moitos dos traballos que non eran dela e incluso facéndose cargo de traballo técnico, e solo para rematar,



todos sabemos que estivo na man deste pleno que este problema derivado desta fincas estivese medianamente arranxado e se chamaba Plan Xeral.

Sra. Tourón Domínguez: Insisto tal como está non a podemos apoiar, pero non a podemos apoiar con coherencia ao que sempre fixemos e ao que coñecemos sobre este tema, dende logo si traen informes e si é viable legalmente e viable materialmente nós non temos problema en apoiar si hai eses informes e si iso se pode facer e si despois ORAL e Catastro ten a información correcta para que se faga ben porque iso era o que pasaba tamén. Creo que hai algún punto que non vai a encaixar, dende logo, nós si hai informes favorables non temos problema pero hai que ser coherentes co que se aproba pero tal cal está nós non a podemos apoiar porque non sabemos a viabilidade de todos estes puntos.

Sr. Guerra García: Eu quero entender que o PP na longa exposición se fixo o que está propondo é que se abra un expediente onde todos demos a opinión ao respecto, nós en algunhas cousas estamos de acordo en outras queremos matizar pero estamos de acordo en que se abra un expediente nese sentido e aí imos a apoiar.

Sra. Alcaldesa: Creo que estamos de acordo todos os Grupos e escoitei a exposición de cada quen, no primeiro punto, estamos perfectamente de acordo que si inicie o expediente para modificación, ademais é algo que se plantexou noutras sesións plenarias e que temos que facelo, tamén vos lembro o plan de axuste que precisamente traía a modificación de esa ordenanza, polo tanto eu creo que si mantemos desta moción o punto un e o refundimos, tendo claro que hai que traer si ou si os informe necesarios, si vostedes aceptan o punto un e xa falando do punto tres é unha competencia de Alcaldía, son eu a que establece a orde do día e non unha competencia plenaria, si vostedes teñen a ben retirar o punto dous e o punto tres e manter a apertura de expedientes nós non vamos a opornos a votar a favor desta moción.

Sr. Rodríguez Davila: Nós non podemos retirar o punto dous porque o punto dous é un dos asuntos que é o apartado seis é que se faga a aplicación de oficio e nós non vamos a renunciar a iso, entón nós non podemos retirar para que logo os grupos aporten propostas a esa modificación de ordenanza e non podemos renunciar a que esa aprobación definitiva se faga de oficio para os veciños iso non o podemos facer, e claro que vostede pon a orde do día pero hai un acordo do pleno onde se lle di a vostede que a ese punto na orde do día se trate única e exclusivamente, iso que é o que mal antes interpretaba, con boa fe loxicamente, a compañeira Verónica, porqué? porque non queremos que vostede no punto da orde de día dun pleno futuro meta aí outras cuestión que teñamos que votar conxuntamente co que nos plantexamos e por iso lle dicimos que vostede na orde do día, nese pleno cando sexa, poña nese punto este tema único e exclusivamente a tratar e que non o meta conxuntamente con outros asuntos respecto desta ordenanza, como por exemplo para subir o tipo nun 25% .



1ª VOTACIÓN: Sometida a votación a moción da o seguinte resultado: SEIS VOTOS A FAVOR (5 PP) (1 BNG) e SEIS VOTOS EN CONTRA 6 (4 MS) (2 PSOE).

Ao producirse un empate realizase unha segunda votación:

2ª VOTACIÓN: Sometida a votación a moción esta resulta rexeitada por SEIS VOTOS A FAVOR (5 PP) (1 BNG) e SEIS VOTOS EN CONTRA 6 (4 MS) (2 PSOE), e co voto de calidade da Alcaldía.

MODIFICACIÓN/ACTUALIZACIÓN DO REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN MUNICIPAL - ROM, PARA O SEU TRÁMITE E DISCUSIÓN NOS ÓRGANOS COLEXIADOS.

Sra. Alcaldesa: Non tiña coñecemento da moción presentada polo Grupo Mixto do BNG, non se presentou por rexistro. Teremos que votar a urxencia da mesma. En todo caso me parece moi pouco xusto e coherente e transparente co resto de compañeiros e compañeiras que non lle permita coñecer esa moción con certa anterioridade para poder estudala e poder traer a este pleno toda a información e o posicionamento claro que seguro que se merece esa moción, o PP fixo con un día de antelación e coa do BNG acabamos de enterarnos xusto agora mesmo.

Sr. Guerra García: Esta moción que se presenta hoxe é unha proposta que fixo o BNG en rexistro o 15 de agosto, non é nada novo, si non a coñece o resto da Corporación é porque non se pasou. Dou lectura a Moción urxente:

“MOCIÓN URXENTE COA PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO ROM PARA O MANDATO MUNICIPAL 2023-2027

O BNG nesta Corporación Municipal de Salceda de Caselas e na súa representación Salustiano Guerra García, concelleiro, ao abeiro do disposto tanto no Artigo 91 punto 4 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (en adiante ROF), e así mesmo no Regulamento Orgánico Municipal (en adiante ROM) que establece no 37.4 nas sesión ordinarias concluído os exames dos asuntos incluídos na parte resolutiva e antes de pasar a dación de conta dos Decretos e Resolucións do Goberno municipal e a quenda de rogos e preguntas a Presidencia preguntará si a algún Grupo político desexa someter a consideración do Pleno por razón de urxencia algún punto de competencia plenaria e non comprendido na Orde do Día que acompañaba a convocatoria e que non tiña acollida no punto de Rogos e Preguntas e que terá a conservación de moción urxente, si así fose o portavoz do Grupo que a propón xustificará a urxencia do asunto e o pleno votará acto seguido sobre a procedencia do seu debate, si o resultado da votación fose positivo requiríndose para tal efecto a maioría absoluta do número legal de membros da Corporación seguirase o procedemento previsto neste Regulamento, si o resultado



fose negativo non se entrara no debate, o disposto neste apartado non será de aplicación, en todo caso, as mocións de censura cuxa tramitación, debate se rexeran polo establecido na lexislación electoral xeral; este Portavoz formula a seguinte iniciativa:

MOCIÓN DE URXENCIA: O BNG por razón de urxencia presenta ante o pleno o seguinte asunto:

Proposta de Modificación do ROM do Concello de Salceda de Caselas para o mandato Municipal 2023-2027, a tal efecto e para motivar a urxencia de tratar o referido asunto sinala:

Na sesión celebrada polo pleno do Concello o 13 de xullo tomáronse acordos que é preciso incorporarao ROM canto antes e atendendo a lóxica que marca o procedemento de Organización para o novo mandato 2023-2027, non existe necesidade de ditaminar dadas as modificacións singulares que se propoñen cando xa foron acordadas polo pleno, a súa vez é necesario normalizar o uso do escudo municipal de acordo coa legalidade xa que o uso da simboloxía municipal representativa de todo o conxunto do municipio ven sendo suplantada por un logo tipo de goberno faltando ao respecto institucional debido ao conxunto da cidadanía e os seus representantes, o BNG considera que o que procede neste intre e un exercicio de vontade política que leve a termo a modificación do ROM o que non se fixo ata agora pola Alcaldía que tendo diante a proposta presentada o pasado 15 de agosto non a incluíu na orde do día, polo expón **PROPÓN:**

Que se someta a debate a moción e a urxencia e de ser aprobada o Pleno do Concello trate o asunto coa proposición que se achega de conformidade do disposto no propio ROM.”

VOTACIÓN: Sometida a votación a urxencia da moción esta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos DOCE membros presentes nesta sesión, pasando polo tanto a tratar dita moción.

Sr. Guerra García: As modificacións que se propoñen son: Modificar no artigo 33.1 a referencia temporal 2019-2023 pola de 2023-2027 e “oídos os portavoces” por “previa consulta á Xunta de Portavoces”. No Art. 33 nas sesións plenarias, para o mandato correspondente ao período 2023-2027 as sesións ordinarias do pleno do Concello de Salceda de Caselas celebraranse no derradeiro xoves dos meses pares as 20:30 h, agás en decembro mes en que se celebrará a sesión o último xoves anterior ao 24 de decembro, excepcionalmente a Alcaldía por causa xustificada, previa consulta á xunta de portavoces poderá adiantar ou atrasar dita hora mesmo no caso o novo día fixado non estivese comprendido no mes correspondente. Incorporar no artigo 33.2 a previsión de convocar sesións extraordinarias en horario de tarde, en relación ao aprobado no pleno de xullo. Modificar nos puntos 4 e 5 do Art. 35, as



referencias á participación veciñal, para aos efectos de regular e posibilitar a participación veciñal crearase o Consello de participación veciñal a través do correspondente regulamento, pasar este parágrafo modificado ao punto 5 para engadir: aos efectos de regulación de outros aspectos e posibilitar a participación veciñal seguirase o disposto no Regulamento de participación cidadá respecto do Consello veciñal.

Incorporar no Art. 37 o punto número 5, coa previsión de turno aberto de rogos e preguntas, ao remate das sesións ordinarias, para a veciñanza que asista as sesión. Engadir no artigo 37 referencia á Lei 5/1997 réxime de administración local de Galicia artigo 252.4; Lei 7/1985 reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 70 Bis e ROF artigos 88.3 e 88.2, terminado a sesión do pleno a Alcaldesa ou Alcalde presidente establecerá o turno de rogos e preguntas co público asistente con temas concretos de interese municipal, correspóndelle á Alcaldesa ou Alcalde presidente ordear e pechar este turno. Engadir no Art. 59, no punto 3, a forma e medios para convocar á Xunta de Portavoces, sería a convocatoria podería facerse tamén por medios telemáticos, comunicación por correo electrónico si é que manifestaron tal medio como a canle elixida para tal comunicación ou dispositivos móbiles. Incorporar un capítulo sexto e dentro do mesmo un novo artigo co número 66 referido ao uso do escudo municipal, capítulo sexto do Escudo Municipal, artigo 66 do Símbolo Municipal e o seu uso. Salceda de Caselas conta cun Escudo Municipal coa organización heráldica que foi autorizada polo Real Decreto 2562/1967 de 19 de setembro e conforme co ditame emitido pola Real Academia da Historia, en adiante na representación da Entidade Municipal de forma gráfica sexa en papelería de uso na administración de servizos municipais, carteis oficiais e publicitarios así como toda a simboloxía na que se represente o nome do Municipio de Salceda de Caselas sexa en medios electrónicos ou en medios de comunicación en papel nos que se inserten anuncios oficiais ou reportaxes publicitarios usarase de xeito preminente e destacado o escudo municipal a tal efecto adoptaranse as medidas que sexan precisas para: a) substituír de inmediato calquera outra simboloxía ou logo nos medios electrónicos, b) transitoriamente adoptaranse pola Concellería de Facenda as determinación de uso de papelería de carácter funxible ata o seu esgotamento e de seguido o encargo de papelería necesaria co escudo municipal e c) a Alcaldía dirixirá oficio ou comunicación aos Organismos que non usan o Escudo Municipal para a substitución do símbolo ou logo que teñan en uso nos espazos municipais onde non estea instalado o símbolo do municipio realizarase a súa incorporación”. Este é o contido da moción que presentamos.

Sra. Alcaldesa: Facemos un receso de cinco minutos para comentalo co grupo.

Sra. Alcaldesa: Realizado o receso damos continuación á sesión plenaria e quero deixar ben claro que non nos parecen formas de presentar esta moción. Como ben sabedes que hai membros do Goberno que traballan, que non coñecen a moción, que non tivemos a oportunidade de debatela, non se pode traer así, nin por escrito sequera cun pouco de antelación para que o resto dos compañeiros e compañeiras a



coñezan e a poidan debater, sinceramente, Tano, me parece un pouco feo, non é xusto que o resto dos compañeiros e compañeiras, e agardo sexa a última vez que isto acontece. Como Grupo Mixto non podes pedir que se aprobe esta moción senón que se tramite a modificación que se solicitan. Quero deixar claro que na miña etapa de Alcaldesa o meu equipo de goberno así o fixo, todos os que formabamos o equipo de goberno da lexislatura anterior, sempre usamos o escudo en convites oficiais, nos papeis dos expedientes que tedes diante, nunca se deixou de usar o escudo, quero que quede claro.

Sr. Rodríguez Davila: Eu si mal non escoitei, non serei eu quen fale en nome do compañeiro da Corporación do BNG pero creo que dixo que a presentara por rexistro o 15 de agosto, por tanto unha vez máis vostede demostra que non está ao día en canto ao rexistro, que como ben dixo anteriormente o compañeiro Joaquín estamos esperando seis meses a que se nos firmen autorización de documentación e polo tanto é normal que si non queremos atender as cousas que a un non lle interesa ou non é a súa prioridade é outra cuestión moi diferente. Nós aquí, loxicamente, non compartimos ao 100% do que se dixo na moción pero é certo que estamos de acordo en abrir ese inicio de modificación do Regulamento ao igual, como expliquei anteriormente, a votación da nosa moción era para abrir o expediente, e aínda que non se estea de acordo co 100% co que propoñíamos nesa moción, para iso está o inicio do expediente, para iso está a exposición pública, para presentar emendas e logo posterior debate no pleno ata a aprobación definitiva, outra cousa é que non se queira como foi por parte do Goberno e do PSOE de inicialo.

Sra. Alcaldesa: A moción que se meteu o 15 de agosto di seguinte: “ propor ao pleno do Concello de Salceda de Caselas aprobar o Regulamento Orgánico Municipal co contido íntegro que conforma o anexo único que se inserta a continuación” fala de aprobación.

Sr. Rodríguez Davila: Volvendo a dicir o que dixen inicialmente, non serei eu quen defenda a ninguén nin fale en nome de ninguén, pero a nós nos pasa que como persoas que somos que cando escribes algo, na interpretación que se poida facer despois podemos discrepar pero se pode aclarar e acordar, que moitas veces e o que non se quere por parte do Goberno, do de agora e do anterior, porque nos erros de interpretación si hai unha vontade política de falalo e de acordalo non hai ningún problema, pero cando un se aferra e se agarra ao que está escrito, e me acordo dun pleno onde por unha interpretación do compañeiro Tivo se botou a baixo por parte do goberno bipartito e despois tivemos que traelo de novo por capricho do goberno por non querer aceptar que houbo un erro de interpretación ou de escritura. Todo o mundo dos que estamos aquí sabemos o que se pretende facer por parte, neste caso, do Grupo Mixto BNG e o que queríamos facer nós na anterior, outra cousa é que non queiramos entendelo, que non queiramos asumilo politicamente. Insisto, iso non quere dicir que este Grupo maioritario da Corporación estea de acordo ao cen por cen co que plantexa o BNG, pero si estamos de acordo en abrir ese debate de modificación do Regulamento, entre outras cousas, nos alegramos moito que o BNG,



entendo que o Sr. Guerra non estaba na Corporación pero si outros membros estaban na Corporación no ano 2007 ao 2011, que foron os defensores e impulsores da SC, nos alegremos moitísimo que por unha vez estean de acordo co PP como é respectar a historia que representa o escudo municipal, para ben e para mal pero representa a todos os veciños. É indignante e a min como veciño me doe a alma mirar a SC en organismos oficiais como pode ser o Consorcio do Louro onde todos os Concellos que formamos ese Consorcio representados en diferentes mandatos por diferentes cores políticas, incluso polo BNG, como respectan o escudo municipal, salvo aquí que o desprezan. Como anécdota, nun pleno na mandato 2007-2011, era eu xa Concelleiro entrei no ano 2009, en aquel entón a portavoz e tenente de Alcalde do PSOE falou comigo para traer unha moción a este pleno para votar precisamente que se deixara de usar a SC e que se volvесе a recuperar o escudo e resulta que acordamos iso e o PSOE votou en contra, sendo parte do goberno que por un lado dicía de portas a fora en contra da SC e logo, lóxicamente, apoiou aquí a autorización da SC.

En relación a outra cuestión como é a participación dos veciños nos plenos despois de rogos e preguntas, sen ningún problema en abrir ese debate, así como outras propostas que se poidan facer respecto das preguntas, dos rogos, dos tempo, etc... que nós tamén no seu momento presentamos e non foi recollido nada do que naquel momento presentamos nas alegacións na exposición pública deste Regulamento, polo tanto estamos de acordo en abrir ese procedemento de modificación do Regulamento deste pleno municipal, polo tanto o noso voto vai ser a favor.

Sr. Rodríguez Canosa: Aclararlle a Salustiano que el non rexistrou unha moción, el rexistrou e o que solicita é “que se admita a trámite a proposta que se chega coa presente solicitude”, meteu a solicitude da modificación xa o que tiña que haber feito é que se debate esta moción no seguinte pleno para poder debatela e ter toda a documentación. Creo que xa o dixemos varias veces dende Movemento Salceda non estamos en contra, estamos a favor de modificar o ROM pero haberá que analizar cada un dos termos e analizar diferentes artigos que se queiran modificar, non entro a detallar sinceramente ningún termo nin artigos porque non é lóxico, penso, ao final necesitamos os papeis para poder dicir en Grupo e poder dicir a nosa postura, non sei como traballan o restos de Grupos pero Movemento Salceda gústanos reunirnos antes dos plenos, debater cal vai ser a postura e ir cunha posición consensuada, supoño que é como traballan os restos dos grupos, polo tanto eu penso e creo que o Grupo Municipal de Movemento Salceda tamén o pensa que si a proposta da moción é iniciar a tramitación da modificación non temos ningún problema en apoiala o que non estamos a favor é de aprobar, evidentemente e aparte de creo quero que xuridicamente non se pode. Para resumir, si o que se aproba aquí é iniciar a tramitación da modificación do ROM dende Movemento Salceda non teremos ningún problema en apoiar a moción.

Sra. Tourón Domínguez: Creo que si esta moción se houbera levado nos puntos da orde do día, si que se podería haber aprobado directamente, entendo que non fan



falta informes técnicos porque é unha cuestión de vontade política, entendo que neste caso si se houberse recollido esa proposta e se houberse traído na Orde do día cada formación política, cada partido metería o que se considerase ou se podería chegar a acordos, que entendo que é como se ten que facer consensuado, pero se podería debater, isto non é a moción anterior non intentemos confundir porque a moción anterior é unha moción económica que si necesita informes dos técnicos municipais, eu non a puiden debullar totalmente pero o apoio para abrir, iniciar o debate e que se poida chegar a unha modificación consensuada o PSOE está de acordo.

Sra. Alcadesa: Verónica solo quería matizarche que si que necesita informe, necesita informe xurídico esta modificación.

Sra. Tourón Domínguez: Si ven na Orde do Día, xa traería os informes si fosen necesarios, por eso digo que de habela traído nos puntos da orde do día podería haberse sometido a votación si necesidade de iniciar o trámite, etc...

Sr. Guerra García: A Agrupación de electores Movemento Salceda que sustenta o goberno era coñecedora da nosa idea de introducir modificacións no ROM dentro e fora desta Casa, e dentro desta Casa no último pleno dixemos que tiñamos presentado unha proposición de modificación do ROM, que esperamos? Esperamos que a Sra. Alcadesa se lle ocorra un día traelo ou forzamos unha situación, un debate como este? para dicir que queremos modificar o ROM porque si o ROM é o marco no que regulamos o noso comportamento aquí, a nosa actuación, indubidablemente terá que ser ao principio do mandato de nada vale telo a metade nin ao final do mandato, entón efectivamente, como se acaba de dicir, é unha cuestión de vontade política, agardamos que isto non volva a acontecer.

Sr. Rodríguez Davila: Volvo a insistir, nós estamos de acordo en iniciar a modificación, votar a favor de iniciar a modificación non significa que este Grupo asuma todo e canto ben en esa moción que presenta o Grupo Mixto BNG, porque aínda que votemos a favor agora vai haber un procedemento de debate, de exposición ao público onde se poida presentar alegación e vai haber unha aprobación definitiva e polo tanto aí é onde cada Grupo vai a defender a postura que considere respecto da modificación deste Regulamento, non hai ningún problema, pola nosa parte en votar a favor de iniciarse a modificación deste Regulamento, non aceptando loxicamente todo canto ben en esa proposta que trae a pleno o Grupo Mixto BNG. En canto aos informes, si hai un acordo político de iniciar o expediente, loxicamente en ese expediente logo terá que haber os informes, ou é que ten que haber os informes antes do inicio do expediente da decisión política, como na anterior moción deste Grupo? Ou quen dixo, votou ou manifestou a vontade en contra de que tiña que haber informes xurídicos de intervención ou secretaria, etc... ninguén o que ten que haber é un acordo político de inicio de expediente e logo nese expediente haberá que incorporar todos eses informes que sexan precisos é necesarios.



Sr. Rodríguez Canosa: Reiterar que o Grupo Municipal de Movemento Salceda está de acordo de iniciar a tramitación da modificación do ROM, non temos ningún problema niso.

Sra. Alcaldesa: Entendo que o Grupo Mixto está de acordo en que o título sexa “Iniciar a tramitación da modificación do ROM” é o que imos votar.

VOTACIÓN: Sometida a votación a moción esta resulta aprobada por **UNANIMIDADE** dos DOCE membros presentes nesta sesión, **ACORDANDO** iniciar a tramitación da modificación do Regulamento Órganico Municipal.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Dación de conta de decretos dende o 2023-0729 de 19 de xuño ata 2023-1008 de 27 de agosto

Queda dada conta dos decretos dende o 2023-0729 de 19 de xuño ata 2023-1008 de 27 de agosto

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

ROGOS:

Sr. Rodríguez Davila: Nos consta, aínda que hoxe foi o último día de apertura das piscinas municipais, e tiña habido algún problema algún día, hoxe agravouse máis de seguridade e de non comportamento de certos usuarios e polo tanto e rogamos e sabemos que hoxe foi o último día, pero que se tome nota para que o vindeiro ano de que se reforce seguridade, concretamente hoxe non había Policía Local pola tarde, a capacidade a veces non é suficiente, teremos que ver no Regulamento de uso da piscina de ver de como podemos facelo para que teñan prioridades, aínda que sabemos que legalmente é complicado, pois dende aquí o noso apoio e solidariedade aos traballadores e traballadoras que hoxe estiveron alí na piscina municipal, polo que aconteceu e insisto de que se tome nota de cara ao ano que ben reforzar a seguridade, e sobre todo de que estas persoas que traballan alí teñan o respaldo das autoridades para facer cumprín as normas de uso das piscinas municipais, non se pode permitir persoas que usen a piscinas vestidas ou calzadas, polo tanto teñen que ser automaticamente expulsadas.

Sr. Rodríguez Canosa: Ao largo do verán como ben é sabido sempre hai incidentes, a veces por un tema outras veces por outro tema sempre hai incidentes na piscina



municipal. Unha das primeiras indicacións que se lle da, tanto a persoa socorrista como as que están cobrando, é que ante o mínimo problema que teñan que en ningún momento se enfronten co persoa que está creando problemas e o que fan é chamar directamente as forzas e corpos de seguridade, en primeiro lugar a Policía Local e en semanas como esta, en que non hai Policía Local na quenda de tarde porque os axentes están desfrutando das súas merecidas vacacións, que chamen a Garda Civil. Hoxe o que pasou foi iso, tiveron un incidente, chamaron primeiro, dende a piscina directamente a Garda Civil, logo comunicáronmo, neste caso, a min eu tamén fixen unha chamada a Garda Civil, a Garda Civil acudiu a piscina, falou con estas persoas, identificou a estas persoas e non houbo máis problemas, incluso a última hora pedínlle a Sra. Alcaldesa que retrasara o comezo do pleno para volver a chamar alí para saber si era certo que había algún incidente como me estaba dicindo un veciño aquí na Casa do Concello e non había ningún incidente. Simplemente aclarar que ao longo do verán pasa isto e cando é así pois avisase aos Corpos e forzas de seguridade e acuden alí, evidentemente, na maior brevidade posible. Todas as tarde no parte de servizo o Oficial da Policía Local inclúe unha visita rutinaria pola piscina aínda que non o chamen, ou sexa a Policía Local ten orde de ir todos os días polas tardes pola piscina.

Sr. Rodríguez Davila: Temos constancia, non é de agora, nestas últimas semanas volveu a ocorrer, dun vertido de augas fecais no barrio da Presa en Parderrubias, concretamente na zona alta de aqueles chalés e polo tanto rogamos ao goberno que tome medidas ao respecto e que non permita que esas augas se espaxen polo viario público é dicir, polos regos e pola estrada municipal e que se esixa o baleirado de esas fosas sépticas de esa zona de chales do barrio de Presas porque ao final unha, que están contaminando e outra, que ten un prexuízo para os veciños que alí viven tanto de salubridade como polo cheiro.

Sra. Alcaldesa: Son coñecedora do problema, hai exactamente tres-catro semanas a empresa redactora do proxecto que se lle presentou ao Consorcio hai unha semana e media pasou polo Concello, está o proxecto rematado que inclúe esa parte da Presa, daría solución a ese problema, entre eles é a conexión a varias vivendas, pero xa agora mesmo son coñecedora a través da veciñanza de falar con eles e co Consorcio dun acordo que chegamos de baleirado de fosas de xeito puntual, sabedes que se modificou a ordenanza e que cada baleirado agora mesmo custa 40,00€, eses 40€ é un gasto que poden asumir nunha periodicidade axeitada para que se produza antes de que o vertido aparece na estrada, un acordo co Consorcio e cos diferente propietarios na que eu como Alcaldesa estiven presente, creemos que é unha medida intermedia ata que se realice ese treito de saneamento e que agardo que funcione polo ben da veciñanza e do medio ambiente.

Sra. Cabaleiro Pérez: Este grupo ten un rogo, debido a que a páxina Web do Concello, concretamente o apartado de información municipal está sen actualizar, xustamente o de ordenanzas e regulamentos, sen subir información dende o pasado 22 de decembro de 2020 é polo que rogamos que os veciños poidan acceder á



información actualizada de que se actualice por tanto esta sección.

Sra. Alcaldesa: Creo ademais que non é a primeira vez que presentades este rogo, recollemos o rogo e agardamos no máis breve posible ter actualizado este contido.

Sr. Guerra García: En relación a cuestión que falaba o PP sobre as augas residuais que se están vertendo no lugar da Presa, gustaríanos saber, si non entendín mal parece que hai un proxecto técnico, a onde quere enlazar o proxecto técnico o saneamento?

Sra. Alcaldesa: Entendo que coñece a zona de urbanización da Presa e onde se produce este problema de vertido, comezaría aí o proxecto enganando esas casas, baixaría ata a estrada que ben de Presa a Igrexa, a altura da casa “Lola” nesa arqueta de saneamento que pasa por esa estrada municipal enganaríase a esa altura a esa arqueta solucionando non so o problema de esa parte da urbanización que non na súa totalidade senón da parte da urbanización onde se produce o vertido.

PREGUNTAS:

Sr. Rodríguez Davila: O pasado 11 de xullo houbo unha morte masiva de peixes no Rio Landres, queriamos saber si por parte do Goberno se abriu algún tipo de expediente, si se sabe a orixe e o motivo deste triste acontecemento de mortes de peixes no Rio Landres e si se tomaron algunhas medidas ao respecto, si se sancionou a alguén, etc...

Sra. Alcaldesa: Creo que fomos todos ao mesmo tempo coñecedores do grave problema de vertido no río e a morte de peixes dende o minuto un se tomaron as medidas pertinentes, dende o envío da Policía Local e a realización de informes, o aviso ao Consorcio do Louro e incluso nos consta que Confederación Hidrográfica tamén estaban informados do mesmo, dende o minuto un nos puxemos a traballar no orixe do vertido xa non so na preocupación do que alí aconteceu senón tamén para que non volvесе a suceder, evidentemente, co Consorcio do Louro establecéronse unha serie de medidas de vixilancia e de ver de onde saía ese vertido ao río, concluimos que debeu ser un erro humano que aínda non temos definido de recheo de cloro na piscina, do contidos dos depósitos que nalgún momento bordou e as balsas que ten de protección coincidiamos en que podía ser esa a problemática, seguimos a día de hoxe tratando de mellorar as instalacións, sabedes que hai pendente unha terceira reforma na que se recolla o máis segura posible e si se producen estas incidencias non teñan o carácter tan destrutivo que tivo no río, en definitiva, si hai un expediente aberto con informes pertinentes e buscándolle o orixe que creemos que foi un erro humano pero que non temos as probas suficientes a día de hoxe para sancionar a ningunha empresa nin a ningunha persoa.

Sr. Rodríguez Davila: Dado que se falou aquí dun decreto de alcaldía onde se nomeaba o persoal de confianza e dado que o pleno non validou ese decreto e tamén dado que hai outro decreto de cese de esa persoa de confianza, queremos



saber si o goberno ten pensado iniciar un expediente de devolución das retribucións indebidas por parte de esta persoa unha vez que o pleno non validou ese nomeamento.

Sra. Alcaldesa: Home eu creo que esa cuestión non é plantexable como pregunta, esa pregunta terá que informala intervención e en todo caso Secretaria, esa persoa foi nomeada por Decreto, sabedes ben que ese posto estaba contemplado nos orzamentos municipais e digo eu que tería dereito a unha retribución e a unha ontía de protección de seguridade social, ou no? Non acabo de ver cal é a contía cobrada indebidamente. Pretendían que fora unha xefa de gabinete nomeada por Decreto sen salario e sen protección da seguridade social?.

Sr. Rodríguez Davila: Vostede que é defensora da legalidade vostede fixo algo alega a sabendas que non tiña ratificación plenario tal e como di o informe que a non ratificación polo pleno do Decreto de Alcaldía número 2023-0730 determina a invalidez do mesmo, polo tanto vostede, como máxima responsable terá que cumprir, igual que vostede nomeou por Decreto sen obrigación nin por secretaria nin por intervención, vostede ten que tamén iniciar o expediente para a devolución do cobre indebido. Vai o goberno iniciar un expediente para que esta persoa nomeada por Decreto?

Sra. Alcaldesa: Non.

Sr. Rodríguez Davila: Estes días iniciativas de veciños se están limpando pozas nas parroquias, a última que temos constancia no barrio de Fontán-Parderrubias, queremos saber si a adxudicación de esa obra-limpeza de esa poza se contemplaron varios presupostos ou simplemente e llanamente, como se ben feito habitualmente, foi adxudicada a dedo a esa empresa. Vai por diante non temos nada en contra de ningunha empresa, simplemente o que estamos en contra e que non se pidan presupostos alternativos para aforrar e para buscar unha alternativa ao traballo polas diferentes empresas senón xa automaticamente como sempre, durante moitísimos anos se leva feito neste Concello. A pregunta: teñen vostedes presupostos alternativos a empresa que está realizando eses traballos?

Sra. Alcaldesa: Eses traballos non, concretamente a limpeza da poza de Fontán, non foi un traballo encargado porque a veciñanza solicitou a limpeza de esa poza por unha necesidade urxente de rega.

Sr. Rodríguez Davila: Vai seguir o goberno utilizando o sistema de adxudicación a dedo sen pedir presupostos alternativos para obras menores como por exemplo o caso de limpeza de pozas ou colocación de tubos, etc...

Sr. Rodríguez Canosa: En algunhas ocasións utilizarase un decreto de adxudicación de licitación pública e cando a urxencia o precise farase unha adxudicación directa a única empresa que poida facer ese traballo que os veciños nos demandan para un día



concreto.

Sra. Tourón Domínguez: Habíase pedido a Deputación de Pontevedra unha axuda para reparar os danos das inundacións por importe de 135.487€, sabemos que se concedeu e incluso que se tivo algunha xuntanza veciñal para mirar o tema, o que quería saber é: Como vai a licitación e cal é previsión das datas de arranxo?

Sra. Alcaldesa: Efectivamente chegou esa subvención da Deputación para o arranxo de catro muros, un na Laxe, outro no Cerquido e dous en Loureiro, tres de esas obras non necesitan licitación só unha delas e aínda lle estaba consultando a Secretaria si se iniciou ese expediente de licitación, aínda non deu arranque pero esperamos facelo pronto porque ademais ten que estar xustificada antes de novembro e sobre todo falaremos cos veciños e veciñas a semana que ven alí en Loureiro.

Sra. Tourón Domínguez: As obras consistían nos arranxos de derrubes de Loureiro, nos derrubes das Curuxeiras e para a zona industrial do Cerquido non era muros eran arquetóns para solucionar os problemas que houbo coas inundacións. Fai unhas semanas publicouse en redes a recepción oficial de Fontán, unha obra que xa estaba remata en xuño, queríamos preguntalle si comezaron cos trámites para facer uso dela.

Sra. Alcaldesa: Efectivamente era unha obra remata pero sen entregar houbo que facer todas as xestións necesarias para a entrega de esa obra e Selene González como Concelleira de Benestar, reuniuse con Servizos sociais e con elas se iniciará ese expediente de tramitación de unha ordenanza reguladora, si ben é certo, que nesas conversas se enterou e foi informada de que seguramente teña algúns condicionamentos por parte da Xunta é haberá que informarse se non é a Xunta quen vai xestionar o uso de esa vivenda, cousa que ata de agora non tiñamos esa información e pensabamos que podíamos dispor dela no Concello para o uso da veciñanza de Parderrubias ou para xestionar algún tipo de necesidade ou para unha vivenda de aluguer social, ou para a xuventude, diferentes fórmulas que podían existir e que nós ademais xa tiñamos plantexadas no noso proxecto e no noso programa, si está xa acotada será un pouco máis complexo pero seguiremos informándonos e tramitando esa ordenanza con servizos sociais.

Sra. Tourón Domínguez: A vivenda é para alugueiro social e a información está na orde, a orde saíu publicada de como se ten que facer, é unha orde pública da Xunta de Galicia e ademais está o expediente completo en xestiona, é para alugueiro social non é para poñer en mans da veciñanza de Parderrubias, nin cousas. En canto á subvención que se pediu ao Consello Superior de Deportes, da que falamos nunha reunión de portavocías, o PSOE pediu que se convocase o Consello de Deportes como se tiña feito para outras subvención que se solicitaron. Convocouse o Consello de Deportes?

Sra. Alcaldesa: O Consello de Deportes está perfectamente informado dende o



minuto un, en que consistía o proxecto e de que consistía a subvención, e máis, se lle informou tamén da perda de subvención por parte da Deputación do POM 2030, ademais era unha cuestión de prazos había que remitila xa e estando informado con anterioridade consideramos que non era necesario esa convocatoria.

Sra. Ledo Souto: Quería preguntar si por parte de Réxime Interior se hizo alguna tramitación o se busco alguna solución para los cortes de líneas telefónicas, se sabía que era una empresa, se sabía que esto iba a seguir sucediendo, nos gustaría saber si se acabó el contrato, si no, de poder tramitar de alguna manera de no tener esta problemática que sabemos que es un problema del contrato y de la empresa?

Sr. Rodríguez Canosa: Si, como ben dis era un problema do operador e da empresa, o problema continúa con esa operadora en concreto pero si que xa se tramitou o cambio, que un novo operador pase a instalar unha nova centralita no Concello.

Sra. Alcaldesa: No nome de esta Alcaldesa pero que seguro que de todos os compañeiros e compañeiras vos convide a vindeira festa dos callos que se celebrará o domingo día 3, trasladolle tamén ese convite aos membros da Corporación Municipal e que disfrutemos de unha das nosas festas máis importantes xunto coa do Entroido e as Festas do Cristo.

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

